



FACULTADE DE XEOGRAFÍA
E HISTORIA

Traballo de Fin de
Grao

**Cartas familiares dende
a fronte. Guerra e
correspondencia de
soldados da parroquia de
Baión na Guerra Civil
(1936-1939)**

David Manuel Gómez Novo

davidmanuel.gomez@rai.usc.es

Xuño 2021

Titor: Lourenzo Fernández Prieto

lourenzo.fernandez@usc.es

Departamento de Historia Contemporánea

Curso académico 2020-2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Historia

Resumo: A pesar da abonda historiografía sobre a o Golpe de xullo do 36 e a *Guerra Civil* ás que atendemos na actualidade, resulta paradoxal o escaso ou nulo acceso dos historiadores a unha documentación tan valiosa para a escritura e fundamento da Historia e dos estudos sobre *Memoria Histórica* como é a correspondencia de guerra. Sexa por impedimento da arquivística ou polas reticencias daqueles que sucederon ós seus protagonistas, a ausencia dun estudo sistemático destas fontes primarias no relato histórico xeral deriva en que sexan tratadas coma auténticas *rarezas historiográficas*.

O gallo deste traballo será o análise da extensa relación epistolar mantida polo suboficial de infantaría Antonio Álvarez Buezas, labrego natural da parroquia arousá de Baión, cos seus familiares durante a súa estadía nas filas do bando sublevado (1936-1939). Ademais, tamén contaremos con exemplos doutros achegados involucrados nalgúns dos episodios máis importantes do conflito, de xeito que nos permita dar constancia da súa *traxectoria militar* pero tamén dos seus relatos e *actitudes* ante os feitos da guerra, a censura e as novas dun fogar que con cada operación semellaba moito máis afastado da cotianeidade da trincheira. Finalmente ficaremos no ámbito dunha *Memoria Familiar* da Guerra Civil e da Ditadura que, se ben abrangue ate tres xeracións e todo un *enxoval bélico* conservado á perfección, segue a ser cando menos complexa para os seus descendentes.

Palabras chave: correspondencia de guerra, soldados, Guerra Civil, Memoria Histórica, Memoria Familiar

Abstract: Despite the abundant historiography on the Coup of July 1936 and the *Spanish Civil War* that we are currently studying, it is paradoxical that historians have little or no access to such valuable documentation for the writing and foundations of History and studies on *Historical Memory* as war correspondence. Whether due to the impediments of archival science or the reluctance of those who succeeded their protagonists, the absence of a systematic study of these primary sources in the general historical narrative means that they are treated as genuine *historiographical rarities*.

The aim of this work is to analyse the extensive epistolary relationship maintained by the infantry non-commissioned officer Antonio Álvarez Buezas, a farmer from the Arousa parish of Baión, with his relatives during his stay in the ranks of the rebel side (1936-1939). In addition, we will also have examples of other relatives involved in some of the most important episodes of the conflict, so that we can provide evidence of their *military career* but also of their stories and *attitudes* towards the events of the war, censorship and news from a home that with each operation seemed much more distant from the daily life in the trenches. Finally, we will look at a *Family Memory* of the Civil War and the Dictatorship which, although it covers up to three generations and a perfectly preserved *war trousseau*, continues to be complex, to say the least, for its descendants.

Key words: war correspondence, soldiers, Spanish Civil War, Historical Memory, Family Memory

ÍNDICE

Introdución: os soldados e Memoria Familiar nos discurso da Memoria Histórica. Un breve estado da cuestión.....	2
1. A correspondencia de Antonio Álvarez Buezas	4
Cuestións preliminares: <i>Labregos en contenda</i> . A parroquia de Baión durante a Guerra Civil	4
Inventario: metodoloxía, estado de conservación e análise formal	7
Hipóteses e obxectivos.....	12
2. O soldado na fronte	14
Mobilización e <i>percorrido na guerra</i>	14
Entre operacións, permisos e hospitalizacións: a <i>experiencia de guerra</i>	17
Os efectos da propaganda e da retórica oficial na percepción do inimigo.....	20
O papel da (auto)censura	26
3. A cuestión da Memoria Familiar: o relato traído da guerra	29
Conclusións	32
Bibliografía.....	34
Anexos.....	37
Anexo 1. Inventario	37
Anexo 2. Gráficas e figuras	49
Anexo 3. Fotografías.....	52

INTRODUCCIÓN: OS SOLDADOS E MEMORIA FAMILIAR NOS DISCURSO DA MEMORIA HISTÓRICA. UN BREVE ESTADO DA CUESTIÓN.

Que a memoria é ambigua e contraditoria por natureza sabémolo todos, dentro e fora da facultade, de modo que o fracaso do Golpe do 36 non ía a supoñer unha excepción nos imaxinarios de quen viviron as súas consecuencias a curto e longo prazo. A manipulación, o esquecemento e a ocultación seguen a rexer os relatos deste pasado incómodo que é ben coñecido¹ a través das grandes edicións da Historiografía, militar e xeral, pero que segue a ignorar a moitos dos seus protagonistas, cuxas identidades e traxectorias vitais viraron radicalmente cara os esforzos da guerra. Non son poucos os autores que se viron interesados en esclarecer as razóns e as consecuencias da experiencia bélica destes personaxes durante a *violencia indómita*² das guerras contemporáneas: Becker e Audoin-Rozeau (1980); Mosse (1990); Bourke (1998, 2008); Bartov (2001); Balfour (2002); Rousseau (2014)³.

Para o caso da Guerra Civil, dende a eclosión do movemento memorialista a comezos dos anos 90 asistimos a toda unha serie de autores e proxectos que buscan superar o pacto de esquecemento e os relatos dominantes de posguerra emitidos dende as autoridades franquistas; toda esa literatura tópica de *Cruzadas, guerras fratricidas e reconciliación nacional*, que aínda hoxe seguen a influír na meirande parte dos estudos sobre os excombatentes españois, atoparon resposta nos traballos de Núñez Seixas (2006, 2017), Gil Andrés (2006), Piedras Monroy (2010), Alcalde (2014), Mathews (2012, 2015) ou Leira Castiñeira (2014, 2018, 2020). É a través destas obras como coñecemos minimamente o que é en parte un dos baleiros historiográficos máis rechamantes do XX español: a heteroxeneidade sociocultural do bando sublevado, isto é, das múltiples identidades, actitudes e casuísticas que dificilmente responden a un concepto concreto máis aló de xeralizacións, pois non deixan de ser un instrumento na análise da historia, tan útil como o emprego que se faga del⁴.

¹ Fernández Prieto & Artiaga Rego (2014), p. 14.

² Casanova (2019).

³ Leira Castiñeira (2014), pp. 154-155.

⁴ Leira Castiñeira (2020), pp. 21, 30-31, 93.

Porén, o emprego da correspondencia de guerra, pero tamén dos relatos familiares coma fonte histórica segue a estar moi ligada ás reticencias tanto institucionais coma persoais. O emprego destas subxectivas testemuñas resulta enriquecedor para o coñecemento histórico na medida na que o método de traballo sexa o adecuado, que saiba abordar os recordos e as vías nas que se transmiten dun xeito contrastado e crítico, sen caer en xuízos de valor.

Son tamén outros proxectos colectivos, como *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo* (2014) ou *1936: un novo relato* (2020), e mesmo repositorios virtuais e blogs divulgativos⁵, como o Proxecto Interuniversitario Nomes e Voces⁶, os que empregan a oralidade para construír a memoria das vítimas e en menor medida dos verdugos (unha categoría que resulta *a priori* escasa para definir á maioría dos soldados); convertéronse no suxeito histórico da Historia dende o egocéntrico da memoria, a través dun estudo sistemático e crítico de múltiples fontes documentais e orais que axuden na confección dunha verdadeira Historia social da Guerra Civil e dos soldados que foron levados á fronte na que se converteron aquelas zonas nas que o Golpe non triunfou, pois, coma ben sinalan Aróstegui (1981), Cazorla (2000) e Godicheau (2006), o mito e a propaganda suplantan á testemuña⁷.

⁵ Vide <http://anosdomedo.blogspot.com>

⁶ <http://www.nomesevoces.net/>

⁷ Fernández Prieto & Artiaga Rego (2014), pp. 25-26.

1. A CORRESPONDENCIA DE ANTONIO ÁLVAREZ BUEZAS

Cuestións preliminares: *Labregos en contenda. A parroquia de Baión durante a Guerra Civil*

Non é pouco o que sabemos dos feitos que desencadeou o triunfo do Golpe do 18 de xullo na zona da Arousa. Traballos como os do profesor Xosé Álvarez Castro (*Pontevedra nos anos do medo*, 2009) ou de Aurora Artiaga (*Mobilización rebelde en el verano de 1936. Galicia, ¿una nueva Covadonga?*, 2014) poñen o til no determinante da escasa mobilización voluntaria e o a importancia das redes de parentesco e amizade entre civís e militares ó servizo da causa dos golpistas, onde membros das familias da elite urbana, coma a dos Buhigas ou dos Bárcena de Castro, capitanearon as columnas de falanxistas encargadas de tomar o control efectivo da zona⁸; unha tendencia política, a da Falanxe, recordemos fundada en Galicia co mitin de José Antonio Primo de Rivera na alameda de Vilagarcía de Arousa o 17 de marzo de 1935. De ambos feitos poderíamos extraer que na zona existía un núcleo falanxista alomenos significativo, de forma que nas semanas previas ó falido Golpe de Estado efectuáranse importantes detencións na devandita cidade arousana, entre eles do considerado como xefe rexional da Falanxe, Daniel Buhigas⁹.

O contexto arousán do verán do 36 non se desmarcaría entón da tónica xeral de dislocación social e violencia¹⁰: as tarefas de limpeza e represión¹¹ iniciadas dende o 22 de xullo de man dos voluntarios da chamada Garda Cívica, pero tamén dos efectivos da Garda Civil e do Exército baixo o mando do capitán Bernal en Vilagarcía, xunto con episodios como o do bombardeo do monte Xiabre o 27 de xullo por parte dos sonados *hidros* de Marín¹² repercutiron notablemente no recordo pero tamén nas actitudes tomadas polos habitantes das vilas e parroquias da contorna. É nesta inmediata periferia

⁸ Artiaga Rego (2014), pp. 117-118, 122.

⁹ Álvarez Castro (2009), p. 69.

¹⁰ Casanova (2019), p. 136.

¹¹ Resulta necesario aclarar que empregaremos os termos *represión e limpeza* para referirmos a todos aqueles actos de violencia xurdidos a raíz do golpe por unha razón de mera convencionalidade, pois deféndense as teses de Míguez Macho de que as devanditas tarefas de eliminación física do adversario estarían encadradas dentro de prácticas xenocidas planificadas, abandonando crenzas de escaso fundamento coma a da *violencia incontrolada*.

¹² Álvarez Castro (2009), pp. 88-89; Vila Fariña (2009), p. 587.

na que atopamos á parroquia de Baión, que entre 1936 e 1945 pasou a formar parte de Vilagarcía logo de numerosos intentos dende finais do XIX por anexionarse ó concello veciño, moito máis influínte e próximo que a vila de Vilanova. Cómpre ter en conta que todo o coñecemento que temos do que significou o golpe nesta parroquia é grazas ó libro *Memoria Histórica de la Parroquia de Baión* (2009), un traballo puramente arquivístico da man do defunto cronista oficial do Concello de Vilanova de Arousa, Xosé Lois Vila Fariña, autor de varias obras sobre a historia e diversas personaxes sonadas de localidades da zona. Esta tese culminou 30 anos de pescuda baseándose en fontes documentais pero tamén na oralidade e na memoria de todos aqueles veciños dispostos a colaborar na codificación da súa propia historia; non falamos entón dunha obra encadrada no que actualmente entendemos como *Memoria Histórica* no panorama español, centrada nos estudos sobre a memoria do Golpe e da Ditadura franquista, aínda que non se trata dun traballo nin moito menos inservible ao estaren composta por unha persoa allea á disciplina e ó oficio profesional da Historia.

Por tanto, o caso baionés non se deslinda tampouco do vivido na urbe arousá, onde a militarización da vida civil e as noticias de actos de represión da man de *camisas azuis* a membros dos grupos agraristas e galeguistas da zona, tales como paseos, malleiras e mesmo constancia de milicianos en favor da causa republicana, pero tamén de fuxidos e de quen eludía a chamada a filas dos rebeldes non fan mais corroborar que nas vilas galegas non existiu un sentimento voluntarioso e de entrega firme ós propósitos da guerra¹³. Nesta sorte de “Microhistoria Total” tamén hai sitio para falar daqueles mozos e labregos baioneses que foron mobilizados pola causa sublevada entre setembro de 1936 e maio de 1938, entre os que figuran algúns dos meus máis próximos devanceiros. Estes serían os casos de Antonio Álvarez Buezas, suxeito principal deste estudo, e do seu irmán maior Serafín, falanxista declarado e edil pola parroquia de Baión no concello de Vilanova entre 1948 e 1961¹⁴, quen ademais participaría na confección da obra, non en tanto o seu irmán pequeno. Non se fai mención pola contra ó cuñado do primeiro, Manuel

¹³ Vila Fariña (2009), pp. 585-602.

¹⁴ Antonio faría o propio, xa no seu retiro da vida militar, entre 1971 e 1974.

Fontenla Coto, máis novo e do que xa temos noticia a mediados de 1938 (106)¹⁵, un erro¹⁶ de xeneralización que pode deberse ó feito de que o central desta obra non era a explicación precisa da mobilización alén da divulgación xeral.

O caso que máis nos interesa é o do primeiro, pois é o autor do groso das misivas conservadas e inventariadas para a realización deste escrito. Segundo a súa acta de nacemento¹⁷, Antonio Álvarez Buezas naceu o primeiro de abril de 1914 entorno ás seis da tarde no lugar da Torre (Baión), no seu dunha familia de labregos de terceira xeración. Sendo o segundo fillo do matrimonio entre Joaquín Álvarez Vila e Manuela Buezas Currás xunto con Serafín, Dolores e Marcelino, tratouse dunha familia labrega típica da zona, traballando nas fincas alleas de pazos e propietarios da contorna a cambio de rendas. Non sabemos moito máis desta época, pois unicamente temos noticias de carácter oral (e difuso) sobre unha orixe humilde que cobra forza cos achados xa posteriores dun *Reglamento reformado de la Sociedad de Agricultores de la Parroquia de Bayón* (5”) datado de 1936 e cun recibo de 1937 en concepto do pago das rendas anuais sobre a terra (8”). O primeiro sería o único indicio dunha posible afiliación política previa ó golpe, polo que poderíamos supór que formaba parte desta cooperativa xunto coa súa familia, recordemos sen fincas propias.

Con todo, o propio Vila Fariña manifesta un interese moi cedo por enrolarse como educando de banda no Rexemento Murcia nº 37 (precedente do Zaragoza nº30) en outubro de 1930, sendo non obstante rexeitado por non cumpriren a maioría de idade¹⁸. A morte da súa nai en 1928 e a necesidade de recursos económicos puido influenciar no feito de que buscara unha oportunidade na vida castrense, motivo polo cal volve a presentarse voluntario a filas apenas 4 meses despois e sen teren aínda os 18 anos necesarios para poder formalizar o ingreso; que na súa folla de servizos conste como tal supón un exercicio de falsificación documental. Licenciárase o primeiro de abril de 1932, pasando

¹⁵ Aínda que solo mencionamos unha das súas misivas, contamos con outras 16 comprendidas entre 1938 e 1939.

¹⁶ Neste apartado, titulado “Mobilización de Soldados”, existen outro tipo de imprecisións con respecto ó momento de recruta e á quinta dalgúns soldados, coma é o caso de Antonio, parte da quinta do 32 (que non do 35) quen xa a finais de setembro de 1936 (data estipulada para a súa mobilización) xa se atopaba *operando* en plena fronte asturiana (vide p. 595).

¹⁷ Rexistro Civil de Vilanova de Arousa, tomo 46, folio 154, sección I.

¹⁸ Vila Fariña (2009), p. 544.

a formar parte da reserva en activo ate o 8 de agosto de 1936, momento no que acudirá a filas.

Como se pode apreciar nas liñas anteriores, descoñecemos moitos dos momentos da súa vida anterior e posterior ó golpe, das súas ideas e inquietudes, así como datos relativos á súa afiliación política nin se estaba formalmente sindicado. O que si sabemos con certeza, tanto por testemuñas orais coma documentais, é que non era nin moito menos analfabeto. Porén, e aínda que ignoramos absolutamente os niveis de analfabetismo nesta zona en concreto, tanto Antonio como os seus irmáns asistiron á Escola Mixta de Baión nº2, encadrada na indiana *Sociedad Pro Escuelas en Paradela y sus contornos*. Alomenos estivo escolarizado ate os 9 ou 10 anos, ou ate a finalización do curso 1923-1924, por cuxa notable superación recibe un diploma (4^o) por superaren o terceiro grao en educación primaria. Tamén conservamos algúns ditados e exercicios básicos de cálculo que confirman unha ceda soltura na escrita (2^o, 3^o).

No que respecta á súa xuventude, compaxinaba a labranza da terra coas actividades típicas dos mozos da súa idade: “Buezas” (como se lle coñecía) destacaba polo seu gusto polos bailes, festas, verbenas¹⁹ e tamén polo fútbol, unha afección máis que recoñecida en fotos despois da guerra. En setembro de 1934 casaría con Felisa Fontenla Coto (1911-1998), nada no seu dunha familia medianamente acomodada a raíz da emigración platense. Do seu matrimonio nacerían tres fillas e un fillo, sendo Manuela (1935) a única antes e durante a mobilización paterna, pois Antonio (1939), María Carmen (1945) e María Felisa (1949) nacerían ó longo da primeira década de posguerra. Logo desta rápida presentación dos personaxes desta historia, mudemos o foco da xenealoxía á documentación.

Inventario: metodoloxía, estado de conservación e análise formal

Di James Mathews que un dos factores que impide o acceso dunha voluminosa proporción das misivas dos soldados da Guerra Civil española ó dominio público, e, por extensión, ós historiadores, é a súa propia concepción coma documentos de carácter privado, polo que resultaba máis que factible que moitas delas estiveran aínda gardadas

¹⁹ Aínda que non se atopan neste inventario, tamén contamos con algunha carta de xuventude se máis interese que a súa asistencia á determinadas festas nas parroquias veciñas.

en caixóns e armarios (neste caso, no faiado) de todo o país²⁰. Porén, moitos destes fondos documentais permaneceron *conxelados* durante décadas en condicións pésimas para a súa correcta conservación por motivos que escapan dunha mera cuestión accidental; poderíamos falar en troques de abandono dunha memoria, ou como expresaba Santos Juliá, de botar ó *esquecemento* aquilo que non interesa contar e transmitir ás xeracións vindeiras, de manter ós cativos alleos a un pasado incómodo²¹. Volveremos sobre esta cuestión á hora de falar da chamada memoria familiar.

Asimesmo, carecemos de probas o suficientemente sólidas para afirmar que este sexa o caso, pois ningún dos entrevistados sabía da existencia deste extenso corpus documental ate comezos do 2020, pero o feito de que nos atopáramos máis dunha vez con varias cartas agrupadas nun mesmo sobre²² denotaría unha sorte de esforzo organizativo e de clasificación ao estaren todas elas redactadas nun mesmo período, suscitando non poucas dúbidas sobre as razóns do seu emprazamento.

En total, dende xuño de 2020 levamos inventariadas²³ cerca de 200 documentos, dos cales alomenos 170 son misivas ou fragmentos doutras que non se conservan por completo. En calquera caso, todas as pezas foron clasificadas e etiquetadas dentro de fundas de plástico tamaño A4, con toda a delicadeza posible no seu manexo mediante o uso de guantes de algodón. Deste inmenso grupo, seleccionamos só 131 cartas baixo o criterio de formar parte das relación epistolar de Antonio Álvarez Buezas coa súa dona Felisa Fontenla Coto entre setembro de 1936 e abril de 1939, pero contando ademais con seis excepcións que responderían a catro casuísticas que encaixan á perfección na composición deste traballo: unha carta escrita polo seu irmán maior, falanxista e tamén compañeiro de armas, Serafín Álvarez Buezas (1911-1988), ó seu amigo Aurelio Coto Calvelo (16), quen ademais era tío materno da súa cuñada; outra enviada ó propio Antonio polo irmán desta, Manuel Fontenla Coto (1920-1963), tamén soldado pero na Fronte do

²⁰ O propio autor reflexiona sobre a recente reconceptualización privada das misivas en base os traballos de Martín Lyons (2003) sobre a correspondencia dos soldados franceses durante a Primeira Guerra Mundial. *Vide* Mathews (2015), p. 34.

²¹ Fernández Prieto & Artiaga Rego (2014), pp. 18-19.

²² O caso máis salientable é o dun sobre que albergaba ate sete cartas escritas a finais de 1937, nos últimos compases da Fronte Asturiana.

²³ Os diferentes grupos documentais empregados na realización deste escrito atopáranse recollidos en cadros no primeiro anexo, mentres que no segundo figurarán fotografías que ilustren os persoeiros dos que viremos a falar ao longo do traballo.

Centro como membro da sección de morteiros na 20ª división do *Regimiento de Infantería Mérida n°35* (106); dúas cartas, ó alcalde de Vilagarcía e ó cura da parroquia, en concepto de reclamación sobre o pago do *Subsidio Pro Combatente* (90, 94); e finalmente as únicas dúas respostas que conservamos de Felisa ó seu marido (95, 99).

Resulta necesario remarcar que unha grande porción da utilidade que pode chegar a ter unha fonte tan altamente subxectiva coma esta reside no exercicio de orde e clasificación de quen a manexa, pois é ante todo unha memoria fragmentada e mesmo incompleta, suxeita a un volume de produción cando menos variable (*vide* Gráfica 1) por unha razón tan sinxela coma a propia dispoñibilidade do seu autor para pór escribir, principalmente aproveitando os momentos de aburrimento ou de relativa *calma operacional*; de aí que teñamos diferentes ritmos e baleiros na produción de misivas segundo a ubicación de Antonio (*vide* Gráfica 3), isto é, si se atopaba en camiño ó seguinte destino ou avanzando posicións no campo de batalla, ou incluso si se atopaba de permiso no fogar ou hospitalizado cerca deste. Neste caso, a proximidade xeográfica cos destinatarios reduce considerablemente as probabilidades de que se recorra á carta como canle comunicativa, e por ende de que esta se conserve.

Un fondo documental, como dicíamos, tan abundante coma invisible (salvo excepción) ate fai un escaso ano e medio, nunhas condicións ambientais e de humidade cando menos nocivas para a súa conservación, de aí que algunhas das cartas resulten en parte ilexibles polo seu avanzado deterioro (63, 69, 76, 112, 119, 120, 121), polo que so puidemos extraer os datos máis básicos para o seu inventariado, coma son o remite, o destinatario, a data e o lugar de redacción.

Todo o contrario sería o caso do segundo grupo documental, isto é, aquelas misivas das que só conservemos unha mínima parte en forma do seu contido orixinal en forma de fragmentos ao perdérense nalgúns casos follas enteiras que nos dificulta ver máis aló do lugar e o momento no que foron compostas, de xeito que só percibimos algunhas frases puntuais que arrojan interesantes aspectos sobre a vida cotiá na trincheira pero tamén testemuñan algúns dos momentos máis sonados do conflito, coma as *reconquistas* das cidades de Oviedo en outubro de 1936 (2') ou de Teruel en febreiro de 1938 (5'). Neste conxunto tamén figuran algúns sobres a razón do seu estado de

desnaturalización pero en especial pola información textual adicional que nos proporciona (3', 4', 5', 9').

Con todo, a grande maioría das misivas inventariadas presentan un estado máis que decente do que tamén goza o resto de materiais analizados, entre os que se inclúen os sobres orixinais pero tamén pezas moi singulares²⁴ que conformarían o terceiro grupo, no que destacarían en primeiro lugar unha edición do *Devocionario del soldado* (6'') composto polo párroco e consiliario de Acción Católica Fortunato Gutiérrez Gutiérrez e impresa en Ávila en abril de 1937, pero tamén unha versión contemporánea do *Mapa de Asturias. Parte Centro* (7'') realizado polo hispano-alemán G. Schulz a mediados do XIX, un traballo cartográfico moi vixente e aproveitado polos mandos sublevados durante as operacións na Fronte Asturiana. Esta peza resulta de grande interese pola sorte de *metalinguaxe*²⁵ que presenta a modo de claros signos de uso, con manchas de barro pero tamén trazos que subscriben á estratexia das operacións militares entre setembro de 1939 e finais de outubro de 1937²⁶, co detalle de ser da autoría do propio Antonio, pois moitas das súas marcas coinciden con outras realizadas sobre as cartas. Nesta liña situaríanse tamén dos dous únicos certificados de servizo militar conservados (9'', 10'') e que enviados mensualmente á casa para pór optar ó *Subsidio Pro-Combatente*²⁷, unha fonte de ingresos non desprezable na ausencia do cabeza de familia.

Con todo, tanto para o caso dos fragmentos coma para o destes documentos son en suma fontes circunstanciais e secundarias para apoiar o fío central deste escrito, baseado principalmente na análise das misivas; unhas cartas por outra banda moi diversas en formato e contido, razón pola cal que, e aínda que no segundo anexo incluímos un exemplo de misiva (97) “estándar” (*vide* Figura 1), o amplo abanico de soportes, extensións e temáticas presentes no noso inventario fan que éste non sexa máis que un exemplo máis do emprego que fai o seu autor dos modelos epistolares clásicos de orixe

²⁴ Dubidamos en incluír neste conxunto tanto a cédula de identidade de Felisa Fontenla, datada en 1938, coma as cuartillas de racionamento das súas fillas Manuela e Carme, ambas da inmediata posguerra, pero o simple feito da súa conservación exemplifica a rareza deste fondo documental.

²⁵ Cervera Gil (2017), p. 136.

²⁶ Nese sentido, a edición do profesor Emilio Gradío (2011) do diario de guerra escrito polo columnista galego Faustino Álvarez durante a súa estada nesa mesma fronte resulta cando menos reveladora na confección deste traballo. *Vide Las Columnas gallegas hacia Oviedo : diario bélico de la guerra civil española (1936-1937), de Faustino Vázquez Carril.*

²⁷ Leira Castiñeira (2020), pp. 80-81, 259-260.

aristocrático-burguesa que dende finais do XIX protagonizan se popularizan na chamada “democratización do escrito”²⁸, que responde ademais ás necesidades comunicativas que plantexaron as diferentes guerras contemporáneas para moitos dos seus participantes.

Por esta mesma razón o inventario non se limita ás misivas máis clásicas²⁹, senón que tamén constan telegramas (32, 88) e soportes postais de alto contido propagandístico (13, 14, 27, 77, 104, 126, 127) que axudan a complementar unha visión se cabe máis poliédrica da experiencia de guerra e da *válvula de escape* que representou a comunicación epistolar para moitos dos seus participantes³⁰. O emprego destas imaxes e mesmo de lemas e invocacións diversas do compromiso coa causa nacional, coma veremos a continuación teñen unha orixe máis propia das directrices dos poderes sublevados que nas do individuo, quen non en escasos momentos carecía en exceso de útiles, tales coma tintas ou plumas, e mesmo soportes, sobres ou incluso selos cos que manterse comunicado coa familia; claros expoñentes disto sería o aproveitamento máximo e case constante do papel dispoñible, tratárase de cuartillas (caso máis habitual) ou fragmentos, follas de libreta ou de recibos (52, 5’), e mesmo valéndose de tintas subtraídas ó bando inimigo que desentoaban das azuis e negras habituais (98). Con todo, o habitual é atoparmos con misivas de dúas ou máis páxinas de extensión, chegando ás 4 (44) ou 5 (116) escritas por ambos lados para dar a máxima constancia tanto das *novidades* que lle acontecían coma do seu “bo” estado anímico e de saúde, aínda que este non fora o caso.

Por outra banda, unha das prácticas que axudaban a sustentar esa imaxe de *sendeiros de gloria*³¹ era precisamente o envío bidireccional de fotografías xunto co abundante fluxo de misivas, nas que aquelas realizadas no ideal e seguro dos estudos fotográficos non se comparan coas instantáneas na mesma fronte de batalla a modo de celebración das vitorias ou nos momentos de descanso. En ambos casos, era habitual que contaran cunha agarimosa adicatoria no seu reverso para o seu destinatario, fora éste a muller ou o propio soldado (*vide* Ilustración 1 e 2). Todas as fotos que disporemos no

²⁸ Armando Petrucci (1987), citado en Sierra Blas (2003’), p. 17; *vide* tamén Sierra Blas (2003-04).

²⁹ Mathews (2015), p. 47.

³⁰ Termo moi empregado á hora de referirse ó papel das cartas de guerra (*Op. cit.*).

³¹ Referencia tanto á película de Kubrick coma ó antónimo título do prólogo da obra de Leira Castiñeira. *Vide* Leira Castiñeira (2020), pp. 13-18.

terceiro anexo atopábanse recollidas en caixas xunto coas demais fotos familiares, e cuxa selección baseouse principalmente, máis aló de ilustrar visualmente ós feitos que narramos, na súa contemporaneidade cos feitos da guerra ou coa súa relación co ámbito castrense nas décadas sucesivas, xa coma instrutor militar en diversas prazas galegas. Nalgunhas destas fotos figuran tamén aqueles familiares enrolados no bando sublevado ós que facemos referencia, coma Serafín Álvarez ou Manuel Fontenla, pero tamén de amigos e coñecidos ós que se retrataba ou ben que as enviaban a modo de agasallo, aínda que non saibamos moito deles alén de que viviron unha experiencia de guerra similar ás dos seus camaradas.

Hipóteses e obxectivos

Cómpre tamén clarificar que en ningún momento se tratou dun exhaustivo traballo de arquivo, pois principalmente implicou unha pescuda documental e de inventariado dentro do propio ámbito familiar, complementada co uso da bibliografía; a excepción da súa acta de nacemento (1^o) solicitada ó Rexistro Civil vilanovés para clarificar as súas orixes, a presenza da folla de servizos de Antonio Álvarez Buezas (11^o) supón máis un achado fortuíto que unha necesidade na elaboración do traballo, pero aporta unha moi rica información (matizable por suposto) á hora de tentar reconstruír a súa traxectoria castrense e as súas actitudes ante a mesma antes e despois do Golpe do 36 en conxunto coas misivas e a historiografía. Tampouco pretendemos realizar un estudo xeral sobre os feitos da sublevación en Galicia, sen maior referencia que ó contexto, o da parroquia de Baión e das súas máis inmediatas proximidades, no que se puideron mover os soldados estudados entre o 18 de xullo e a súa incorporación a filas, en aras sobre todo de clarificar a súas traxectorias previas e posteriores ó Golpe, sen dúbida determinantes nas actitudes que podían ou non adoptar ante o mesmo.

Durante os primeiros compases da elaboración, e mesmo moito antes sequera de plantexarme a opción de facelo, tanto os que o coñeceron coma os que non partíamos dunha base moi limitada en canto a quen foi Antonio Álvarez Buezas fóra do seu carácter e das súas identidades como avó, veterano de guerra e dilatado militar. Non existe unha memoria de guerra súa transmitida dentro do ámbito familiar por razóns que descoñecemos; poderíámolo atribuír a un sentimento de vergoña e ó trauma que supuxo esa experiencia, a un desexo consciente de esquecerla e omitila por medo a que quen a

escoitara non soubera comprendela ao no correspondérense coas súas propias vivencias, ou que el mesmo tampouco conseguira cotexar á realidade da trincheira co relato vitorioso promulgado pola Ditadura. En calquera caso, a opción máis probable é a da ocultación ós netos das penalidades do conflito e da longa posguerra, sen máis intención que non deixarlles en herdanza a *carga*³² dun pasado difícil e incómodo, o cal se viu moi “favorecido” pola súa prematura morte en xaneiro de 1981.

O principal obxectivo deste traballo, ademais do *egoísmo* da reconstrución dun pasaxe da súa propia historia, ou máis ben, da miña memoria familiar, é achegar unha interpretación do que supuxo a mobilización sublevada dende un amplo fondo egodocumental coetáneo dos feitos, o cal en si mesmo xa supón unha disonancia con respecto ós relatos dominantes con raíz nas memorias e demais testemuñas dos intelectuais do Franquismo; axudar por tanto a superar as historias edulcoradas e manipuladas, pragadas de clichés fraticidas que non fan máis que perpetuar a desmemoria e a desinformación sobre as consecuencias que tiveron o Golpe e a Guerra Civil nos seus participantes, os soldados, farto esquecidos pola historiografía española ate comezos do s. XX. Neste senso, os traballos do doutor Francisco J. Leira Castiñeira (2014, 2018, e 2020) sobre os soldados galegos que integraron o exército sublevado significaron un bo esquema co que dar forma e nomenclatura ás actitudes de Antonio Álvarez fronte a súa experiencia bélica. En poucas palabras, converter esta testemuña ou microrrelato nunha fonte útil e integrable no discurso xeral da Memoria Histórica do Golpe e da Guerra Civil española.

Así pois, a tese que defendemos neste traballo é que analizamos as vivencias dun labrego letrado, orixinario dunha familia de escasos recursos económicos e ademais reservista, que en xullo de 1936 viu no éxito da sublevación en Galicia unha oportunidade económica para o mantemento da súa filla e esposa mediante o seu servizo no rexemento de infantaría no que se licenciara en abril de 1932 e no que seguía encadrado, o *Zaragoza n°30*, sen esquecer a influencia do contexto represivo e o forzoso e masivo das mecánicas de recruta na composición do exército sublevado. Falaríamos por tanto dunha voluntariedade obrigada e suxeita a outros factores alén da adhesión ideolóxica previa ó

³² Fernández Prieto & Artiaga Rego (2014), p. 21.

Golpe, de xeito que os efectos da dilatada experiencia nun ambiente de guerra, sociabilidade, disciplina, propaganda e represión resultaron determinantes nas variadas actitudes deste *soldado de Franco* (43), o cal en primeiro lugar contradí calquera tipo de planitude na interpretación dos perfís que integraron as filas sublevadas.

Ademáis, o feito de que este basto fondo documental resultara descoñecido convértese na escusa perfecta para falar da memoria que hai no esquecemento³³ na medida na que este traballo é un relato de memoria máis que de historia³⁴ que se vale do análise de fontes tanto documentais coma orais daqueles que non coñecen os feitos, pero si á persoa, que recordan aspectos da súa identidade que trocan en fundamentais para a comprensión da súa experiencia e en que forma ésta foi asimilada e transmitida tanto por el mesmo coma polos seus descendentes ate chegar á miña persoa.

2. O SOLDADO NA FRONTE

Mobilización e *percorrido na guerra*

Aínda que se defende a tese de Leira Castiñeira e doutros autores consultados de que a recruta forzosa foi a tónica xeral na mobilización galega, non nos sirve para explicar a incorporación de Antonio, nin moito menos de Serafín, pero si doutros familiares, como Manuel, recrutado entre maio e xuño de 1937 xunto cos demais reemprazos da súa quinta enviados á Fronte do Centro³⁵. O feito da súa experiencia previa no exército sumado a unha posible influencia e do seu irmán ben puideron repercutir na súa voluntariosa marcha a Ourense ó mesmo tempo que se promulgaba o decreto 29/1936 que marcaba o comezo do servizo militar obrigatorio para os mozos de entre 20 e 25 anos; a experiencia vital previa resulta tan importante como o contexto represivo ou os efectos da propaganda de aventura e de vitoria militar³⁶.

Non foi necesario pasar por unha caixa de recruta pois xa o fixera cinco anos antes en Pontevedra, de modo que en agosto de 1936, poucas semanas despois do Golpe, volve no que foi o seu último ano de reserva activa ó rexemento onde se licenciara, pero o feito é que non se incorporaría ás operacións da fronte asturiana, xa como cabo ate mediados

³³ *Ibdn.*, p. 17.

³⁴ Leira Castiñeira (2014), p. 152.

³⁵ Leira Castiñeira (2020), pp. 58.

³⁶ *Ibdn.*, pp. 42, 62.

de setembro (3), despois de pasar un mes enteiro en Ourense, xunto coa primeira parte dos reemprazos da quinta do 32 nos comezos do *enfrentamento civil*³⁷.

Con todo, sería un erro excluír da análise dos feitos as máis que probables consecuencias de eludir a súa responsabilidade como soldado tanto para el mesmo coma para a súa familia, de aí que caractericemos a súa marcha coma un acto de adaptación mais que de “cooperación coas fins perseguidas polo *Glorioso Alzamiento Nacional*”, como versa na súa folla de servizos. Sen dúbida non debeu sentirse alleo ó contexto de violencia e incertidume da contorna, pois se formara parte do escaso (que non determinante) apoio civil a dito bando en Galicia, como puido ser o caso de falanxistas coma Serafín, xa formaría parte daquelas bandeiras e columnas cívico-falanxistas do país que avanzaron cara Asturias xa a comezos de agosto do 36³⁸. Por elo, unha mobilización ceda e “voluntaria” non pode interpretarse á lixeira coma unha resposta ideolóxica no heteroxéneo dos membros do bando sublevado³⁹.

Precisamente o achado deste documento revelounos unha sorte de resumo do seu paso pola guerra como parte do exército regular, e que ademais confirma a súa presenza nas fronte (e fontes) coñecidas de Asturias, Guadalajara, Teruel e do Ebro entre mediados de setembro do 1936 e finais de setembro do 1938, ás que teríamos que sumar a de Toledo nos días previos ó *Parte da Vitoria*. Sería parte das columnas de *mariscos galegos* presentes na Fronte de Oviedo e Trubia (2', 7, 9), o máis intenso en baixas e operacións no proceso de conquista do occidente asturiano⁴⁰; ate a mesma caída da Fronte Norte alternaría a defensa e “limpeza” das posicións sublevadas en Oviedo e Xixón coa calma operacional e os descansos nas vilas da contorna, como Grado (8), Salas (3) ou Cornellana (4), “aproveitando” a conversión desta zona en inmediata retagarda nos meses anteriores⁴¹.

O 22 novembro de 1937 (49) poría marcha dende Xixón a Fitero, provincia de Navarra, onde pasaría cerca de 20 días de descanso (50, 51, 52) ate o traslado á zona de Guadalajara (53) en aras de avanzar cara a capital e con ela o ansiado final da guerra, pero

³⁷ *Ibdn.*, pp. 56-58.

³⁸ Artiaga Rego (2014), pp. 136-139; Grandío Seoane (2011), pp. 46-62.

³⁹ Leira Castiñeira (2020), pp. 30-31.

⁴⁰ Grandío Seoane (2011), p. 26, 46-62.

⁴¹ *Ibdn.*, pp. 11-12, 65.

o sorpresivo do avance republicano sobre a cidade de Teruel a mediados de decembro envía rapidamente á 82ª División á fronte aragonesa, onde Antonio permanecería ate finais de maior de 1938, momento no que é ferido por primeira vez durante os combates nas *lomas* da zona de Alcalá de la Selva (98). Tras pasar o verán recuperándose en hospitais militares de Calatayud (100-104) e mesmo en Pontevedra (105), beneficiándose desta última estancia para poder ver á súa familia durante uns días, en agosto preséntase en Lugo (107) para a súa pronta reincorporación en plena batalla polo Ebro nas semanas seguintes (109-111). Sería novamente ferido, esta vez de maior gravidade, na madrugada do 21 ó 22 de setembro e evacuado cara o hospital de Caspe (112), de onde comezaría o seu percorrido por salas de recuperación de Zaragoza e Salamanca (113-121), así ate ficar de novo na praza pontevedresa (122-124), onde repousaría cerca da familia ate finais de marzo de 1939, cando se reincorpora ó servizo activo en Lugo, de onde emprendería unha viaxe de ida e volta á zona de Ciudad Real durante a primeira quincena de abril, xa coa guerra gañada (127-129).

Despois deste brevísimo resumo do recorrido do sarxento Antonio Álvarez Buezas, debemos sinalar a falta dun correlato exacto entre a súa folla de servizos e o contido das cartas; a tónica xeral do recorrido non se ve afectada mais que na imprecisión cronolóxica dunhas ou doutras fontes, en especial arredor das datas de reincorporación, de xeito que na primeira se omiten os retrasos debidos á saúde que derivan no surrealista de que Antonio se atopara no Porriño o 14 de setembro do 1938 visitando á súa cuñada no momento no que “en teoría” debía estar xa xunto coa súa unidade no Ebro dende finais de agosto (108). Porén, aqueles momentos de ausencia de misivas supoñen unha dificultade enorme á hora de cotexar ambas fontes, pois o feito de que se mencione a súa presenza na fronte de Toledo entre o 27 de marzo e primeiros de abril de 1939 non pode ser constatada polas fontes, pois as referencias que temos da ubicación de Antonio antes (126) e despois (127) deste momento son en Lugo, co detalle da mencionada viaxe a Ciudad Real.

As contradicións existentes entre ambas non só confirman a imposible de retratar a realidade dos feitos sen maior obxectividade que a do análise realizada, senón que tamén nos obriga a facer esa distinción entre o *percorrido* e a *experiencia de guerra*, de xeito que para coñecer a segunda as cartas resultan lóxicamente moito máis efectivas que o

ríxido da crónica militar. Falemos entón da cotianeidade da trincheira e das actitudes de quen as enchían.

Entre operacións, permisos e hospitalizacións: a *experiencia de guerra*.

Partimos dunha base un tanto problemática, pois coma dicíamos antes algunhas cartas atópanse moi danadas, con manchas de humidade, tinta, barro, e incluso anotacións posteriores; outras son simplemente difíciles de entender⁴²; aínda que sexan polo xeral bastante lexibles, as cartas de Antonio presentan os erros de ortografía, sintaxe e expresión típicos dun labrego cuxa lingua materna era o galego non normativizado da época, que deixaba rastro incluso cando non escribía nela, que era o habitual.

As cartas ofrecen unha ampla cantidade de datos sobre a vida cotiá dos soldados tanto na trincheira coma fora dela, en forma de referencias sobre o que se ve e o que se percibe a medida que a unidade avanza e se detén nas diferentes vilas das que se destaca a súa paisaxe, a meteoroloxía ou a hospitalidade da poboación local; de Asturias, por exemplo, dicía que era unha terra “*muy barroza*” (21), mentres que cando chega a Fitero destacaba dos seus habitantes que “*no saben que hacernos para ternos contentos, y no como los asturianos, que no nos sacaban los ojos porque no podian*” (52). A razón podería estar nos feitos da represión e da guerra continuada, coma foi o caso asturiano. Estas curtas estadias en vilas coma a Navarra supoñían un acomodo ás reminiscencias dunha vida civil pasada que ben puido implicar máis dúbidas nos soldados coa guerra que beneficios para uns mandos que debían alternar a dureza e control da disciplina militar co paternalismo co que tan interesadamente os recibían cando retornaban do hospital ou se lles concedía permisos en retagarda para evitar a deserción ou que repercutira individual ou colectivamente na moral en combate (29, 74, 110)⁴³; a pena da familia pola nova marcha dun ser querido (109) non se igualaba ó medo a un castigo por retrasarse na súa incorporación⁴⁴.

A mobilización resultaba nunha aprendizaxe a través do illamento das normas e das experiencias da vida civil, pois nun contexto de transgresión social como este

⁴² Caso das 17 misivas de Manuel Fontela, das que só incluimos unha.

⁴³ Leira Castiñeira (2020), pp. 156-157, 166, 192-193, 238, 243.

⁴⁴ *Ibdn.*, p. 227.

resultaba necesario instruír teórica e practicamente a uns combatentes (58) que ademais de loitar por el, foran unha base social cohesionada e fiel os principios sublevados e do futuro réxime establecido coa vitoria⁴⁵. A camaradaxe resultante remitía á experiencia da supervivencia e miseria compartidas que xustificaba os actos realizados no campo de batalla, pero tamén foron decisivos aqueles momentos de calma operacional e de longas vixías onde se intercambiaban historias e bromas ó lume, se ensinaban fotos, se e se afogaban as penas en alcohol co fin de eludirse do contexto de violencia extrema e de vixilancia ó que estaban sometidos por algunhas horas (96)⁴⁶. Isto levaba a levar a cabo exercicios de empatía cos demais membros do batallón á hora de repartir o contido dos paquetes que lles eran enviados dende a retagarda (14) e nas numerosas adicatorias á familia de seu pero tamén ós achegados dalgúns coñecidos e amigos que probablemente se poderían permitir o luxo ou sequera terían a capacidade suficiente para afrontar a escritura dunha misiva, de modo que aproveitaban estas ocasións para enviar unha mensaxe conxunta de tranquilidade (29)⁴⁷.

Hai unha forte tendencia a recorrer ó irónico e ó humorístico para adornar o relato e rebaixar a miseria da trincheira⁴⁸; unha desas anécdotas, neste caso sobre a convivencia dos irmáns Álvarez, é a seguinte:

"...lo pasamos muy bien los dos juntos...si alguna vez me retraso no tengas pena que yo estoy bien... hacemos la cama juntos, y como hace tan mal tiempo toda la noche no hizo si no llover, y claro, cuando nos dimos cuenta ya teníamos el agua debajo...y tu sabes como es mi hermano que muy pronto empieza a barafustar...pues nada me partía con la risa...asi pasamos el tiempo, siempre de broma, otras veces a esquibarnos de los cañonazos, y agacharnos de las balas, en fin muchas cosas que pasan en la guerra...llamamos la atención de los jefes de bien que nos llevamos" (1')

Porén, en ocasións as mencións ás carencias hixiénico-sanitarias, como era a presenza de piollos (5), as gripes (61)⁴⁹ consecuencia das longas estadías á intemperie ou o feito de viviren baixo terra “coma as toupeiras” (44) eran inevitables e servían como desafogo en chave humorística ante unha escaseza constante e difícil de ocultar á familia;

⁴⁵ *Ibdn.*, pp. 140-143.

⁴⁶ *Ibdn.*, pp.147,195-198.

⁴⁷ *Ibdn.*, p. 242.

⁴⁸ Bourke (2008), pp. 44-49; Mathews (2015), p. 52.

⁴⁹ Neste caso, tamén presente na carta nº44, chega a “preferir” a enfermidade antes que as balas.

o caso máis claro dáse en “Caña Ramonda”, un *monte* preto de Teruel dende o que escribe o seguinte:

"...una tierra muy exclaba no hay agua ni lleña en fin carecemos de todo...no pude labarme mas que una bez y mudarme ninguna, y por lo tanto ya puedes darte una idea como se puede estar, cuando llegemos a un pueblo para mudarnos hay que tirar con toda la ropa que se trae puesta, que comer gracias a dios no nos falta y agua para veber gracias a un charco que tenemos del hielo que se gunta" (61)

A dialéctica constante no relato entre a miseria e positividade⁵⁰ leva a que unha carta coma esta incluíra unha fotografía celebrando a toma da cidade de Teruel en febreiro de 1938 (*vide* Ilustración 2). Dende esta "*maldita tierra Aragonesa*", recordemos unha das fronteas máis intensas, destacan as referencias ás inclemencias do tempo que necesariamente freaban o avance na guerra (84):

"estamos en el mes de Mayo y cae nieve como en Febrero, y lo mismo lluvia tanto hes el frio que no se puede resistir...unas becas al lado del fuego y otras en la choza ba uno viviendo, ya el cuerpo está acostumbrado y no lo siente" (91)

Volveremos de seguido sobre as cuestións do mudable do compromiso ideolóxico e da autocensura. Subscribimos por tanto a tese de que ningún soldado de Franco desfrutou da súa estancia na fronte⁵¹ alén das recompensas materiais recibidas coa vitoria, en forma de honras e medallas que dificilmente paliaron o trauma da experiencia.

O papel das contestacións do fogar resultou determinante como expoñentes da vella normalidade na que viviran na súa etapa coma civís⁵²; o coñecemento da súa cotianeidade, das novas sobre a aldea ou dos familiares facíanos chegar a intervir directamente sobre as cuestións domésticas, na educación da filla, nas labranzas ou o gando (43), así coma dos problemas polos subsidios que percibía a familia e que requiriron do seu escrito ó cura e ó alcalde (90, 94). Non se trataba só de matar o aburrimiento da falta de traballo ou da cama no hospital, senón que perseguía como fin eludir a realidade a través e misivas nas que se pregunta ate o máis mínimo detalle do que

⁵⁰ O seguinte exemplo resulta máis que representativo: "*ya se me olvidaba el decrite cuantas becas te engañé, para preguntarme que te diga la berdad si las heridas...son muy graves...no hace falta repetir las cosas más de una bez...cuando te digo una cosa puedes asegurarla que es cierta...á Serafín cuando salia en la comida le dije que no mandase a decir nada a casa de que ...feura herido...despues cuando nos despedimos le dije de si porque tarde o temprano lo habias de saber...yo no te lo hiba a comunicar" (116).*

⁵¹ Leira Castiñeira (2020), p. 243.

⁵² Mathews (2015), p. 62.

alí sucede, co único obxecto de manterse en comunicación constante con amigos e familiares aos que se lles reprochaba con impaciencia a tardanza ou brevidade na súa resposta, pero ós que se lles rogaba reiteradamente que non deixaran de escribir, aínda que fora un par de veces á semana (73, 74, 87) ou se tratara de sinxelas mostras de interese para coñecer que todo e todos seguían ben na súa ausencia (71, 72)⁵³.

Unha práctica habitual á hora de emprender unha nova liña de comunicación cun achegado era a petición das súas *señas* á familia (24), de aí que non fora necesario a solicitude dunha madriña de guerra. Por outra banda, non sempre era a distancia a que repercutía na *intranquilidade* do soldado, pois tamén existía un medo real a que a familia sufrira os efectos dunha vinganza pola súa posición no exército sublevado, razón pola cal chegan a cambiar de casa (30) e se menciona en varias ocasións á alegría que podería supor para algúns a súa desgraza na fronte (74, 101). A felicidade e a inseguridade manifestada no feito de recibir ou non novas dende a vangarda (63, 75) o da retagarda (99) demostran, incluso de xeito explícito, que o esgotamento físico e mental da guerra facía do seu final un desexo ansiado por todos, pois esa *Nova España* significaría recuperar o tempo perdido e levar a termo os seus desexos de vida en común (58)⁵⁴.

Os efectos da propaganda e da retórica oficial na percepción do inimigo.

O éxito da propaganda sublevada como medio mobilizador e lexitimador das accións que estaban a ser perpetradas polos combatentes, deriva na frecuencia coa que estes escribían parágrafos cun alto grao de patriotismo e emoción para seren enviados á casa, que dificilmente serían detidos pola censura en vista da énfase coa que expresaban a súa defensa da patria española; unha “sacralización da linguaxe”, en palabras de Núñez Seixas⁵⁵, acompañado por un variado repertorio de invocacións á Patria, ó Caudillo, e mesmo a Galicia, pero sempre supeditada ás dúas anteriores, do mesmo xeito que ocorre coas alusións á unidade de infantaría na que servía (*vide* Figura 1; 14, 17, 18, 24).

⁵³ "cuando me contestes quiero que me cuentes muchas cosas, aunque sean mentiras, que yo nunca me canso ni me cansaré de leer tus cartiñas, que tanto me alegran...tenemos que consolarnos con las cartas" (75).

⁵⁴ Leira Castiñeira (2020), pp. 244-245.

⁵⁵ Núñez Seixas (2006), p. 225.

Cómpre xa ter en consideración que na cultura política da España de finais dos anos 30 a cuestión da defensa do Estado e da Patria en si mesma non eran sequera capitais, nin moito menos claramente discernibles da relixión católica⁵⁶. A consubstancialidade histórica entre o catolicismo e a identidade nacional española⁵⁷ derivou nunha certa diversidade en torno á *orde de prioridades* segundo o heteroxéneo das experiencias e das mentalidades dos soldados; un bo exemplo da grandilocuencia fascistizante e da mistura de elementos da tradición católica coa política moderna⁵⁸ serían as declaracións de Serafín, recordemos falanxista profeso, para quen a guerra estaba inscrita nunha lóxica de *cruzada*⁵⁹

“...por la Religión, por Dios, por la España querida y hasta por nuestros propios hogares, la Virgen nos cubre con su manto para colmarnos de suerte, así que amigo Aurelio no os canseis de victoriar a nuestro caudillo Franco y a los bravos mariscos que ya pasamos de mariscos, somos tigres para tragar a la peste de Rusia”(16)

O obxectivo para el era *cargarse ós desgraciados comunistas*, pois “logo de terminar coa canallada Rusa viría a limpeza”. O discurso de orde e de eliminación dos desafectos e contrarios emitido dende as autoridades sublevadas tiña por tanto un trasfondo militar e relixioso⁶⁰. Porén non conservamos ningunha testemuña da súa experiencia bélica, pero o máis probable é que sufrira unhas inquietudes semellantes si non as mesmas cos outros soldados, pois o seu condecorado servizo tamén viviu episodios máis próximos á metralla que o feriu ate en dúas ocasións, cun *tiro de sorte* en decembro de 1936 (12) e unha complicada lesión no ollo o 28 de maio de 1938 que, a diferenza do seu irmán tamén ferido nesa xornada, requiriu do seu traslado a Zaragoza e máis tarde a Pamplona para seren operado (100).

En troques, no caso de Antonio un arquetípico catolicismo previo manifestado no rezo habitual (4, 21”) e no constante intercambio de medallas e crucifixos a modo de recordo (29) converte á fe supuxo máis un acougo ó medo cotiá de *caer por dios y por la Patria* (7) que unha razón concreta para tomar as armas (6)⁶¹; o tópico da *sorte* de seguir

⁵⁶ *Ibdn.*, p. 220.

⁵⁷ Casanova & Gil Andrés (), p. 211.

⁵⁸ Leira Castiñeira (2020), p. 124.

⁵⁹ É curioso, pero ningún dos tres soldados estudados menciona en ningún momento o termo de cruzada de xeito manuscrito, pero non por elo abandonan discursos finalistas oficiais.

⁶⁰ Casanova (2020), p. 145.

⁶¹ Cervera Gil (2019), p. 139; Leira Castiñeira (2020), p. 188.

vivo tras cada operación ou tras ser alcanzado pola metralla (100, 104) para retornar finalmente á casa⁶² estaba ligada á devoción e relixiosidade do individuo (8'). O correlato intrínseco de medo esta presente noutros lemas baseados na mitificación do propio pasamento: ós vítores e exclamacións en favor do *ejército salvador de España* acompañábanos outros como *Viva la muerte* (15), ou incluso despedidas moito máis efusivas e elaboradas como *¡Viva la muerte que es muy dulce el morir por la Patria! adios!* (17), mesmo equiparándoo á figura de Franco (87). O propio Antonio escríbelle á súa muller no verán do 37, nos últimos meses da campaña asturiana, que

“...si te llegara la noticia algun día, de que cai muerto en el campo de batalla, ¡no llores! que fué defendiendo a nuestra madre España, que haun me quedan dos hermanos⁶³ para bengar mi muerte” (33)

Non podemos porén interpretar este tipo de exaltacións patrióticas e castreses como unha proba do seu indubidable compromiso coa causa insurxente, nin sequera da súa ideoloxía ou das súas motivacións para acudir a filas, pois non conservamos ningunha proba dun “sagrado patriotismo”⁶⁴ de base, senón que seguramente, de habelo, foi resultado por un lado, dos notables efectos da propaganda, tanto en vangarda coma en retagarda, e por outro, da experiencia vivida dentro das marxes do exército sublevado que dificilmente resultarían nun adoutrinamento a ultranza máis que no estritamente necesario para non sufrir os efectos da disciplina e coerción militar⁶⁵. Ademais, o emprego destas muletillas eran en moitas ocasións un requisito para pasar o exame da censura e que mesmo viñan xa impresas no papel que se lle proporcionaba ós soldados para escribir á casa.

Nese sentido, o emprego de elementos figurativos coma imaxes tanto dos altos mandos do exército coma de figuras haxiográficas (77, 104), facían ós soldados que as enviaban partícipes da maquinaria propagandística⁶⁶, tanto co envío de postais e tarxetas

⁶² “me tienen que operar, pero yo me temo mucho, si pudiera marchar para Galicia ya lo estaba haciendo, pero de lo contrario boy hacer como de la otra vez...desde luego mejor seria operarme pero tambien me doy cuenta que me encuentro tan lejos de la familia, y pensar que voy echar tanto tiempo sin poder abrazarbo...” (121)

⁶³ Cabe mencionar que o seu irmán máis novo, Marcelino, estaba licenciado na retagarda en axuda no seu pai, recordemos viúvo (25, 31).

⁶⁴ Leira Castiñeira (2020), p. 223.

⁶⁵ Artiaga Rego (2014); Leira Castiñeira (2020), pp- 124-137; Núñez Seixas (2006), pp. 219-226.

⁶⁶ Sierra Blas (2003), pp. 174-175, citado en: Cervera Gil (2017), p. 134.

prefranqueadas (88) coma das súas fotos anunciando as súas vitorias militares (vide Ilustración 2). O concepto de reconquista atópase no implícito das celebracións polas vitorias colleitadas en Oviedo (9, 2'), San Sebastián (9) Santander (38), Teruel (61, 5') e Lleida (75); de Asturias chega a dicir, ante a “*desbandada*” e os rápidos avances que se sucederon a partir da toma do “segundo Alcázar” (20), que *se rendió sin necesidad, de tirar tan solo un tiro* (45) a pesar dos máis de 14 meses que estivo destinado na Fronte do Norte⁶⁷.

Estas postais non eran o único elemento epistolar impregnado de ideoloxía e propaganda sublevada, senón que aqueles selos cos que se marcaban tanto cédulas de identidade coma as propias misivas, portando as figuras de personaxes históricas, coma os Reis Católicos ou o Cid (4'), que non facían máis que lexitimar o seu discurso historicista por medio do gravado do correo⁶⁸. Así, a constante reiteración destas invocacións, lemas e imaxes propiciaba a súa frecuente reprodución por parte dos propios soldados, non en tanto por adhesión á causa sublevada e máis polo feito de que en moitos casos os únicos soportes dos que dispoñían xa lles eran proporcionados con estes impresos (13, 14, 27, 126, 127), polo que estaríamos a falar cando menos da imposición dunha sorte de “propaganda inevitable”⁶⁹.

Como vemos, a linguaxe e o discurso dos soldados non se mantivera á marxe da experiencia bélica; non é necesario quedarse ca abundancia dos Saludos a Franco ou dos Arriba España, a presenza de elementos propios da vida castrense, coma o feito de incluír epígrafes no encabezado das misivas nos que se sinala ó inimigo de turno (98), ou mesmo nas expresións á hora de referirse ó seu estado anímico e de saúde (véxase *fuerte como un cañón de 42 -33, 96-*) fálannos dos efectos da propaganda na vangarda pero tamén doutras medidas implantadas na retagarda, coma foi a creación do subsidio para ás familias dos combatentes en xaneiro do 37, un activo método de propaganda e de control social que empregaba o gravado de diferentes produtos en beneficio da construción

⁶⁷ Grandío Seoane (2011), p. 48, 64.

⁶⁸ Neste sentido, destacan aqueles de carácter “benéfico” en aras de financiar tanto o subsidio pro-combatente e o chamado *auxilio de invierno*, dos que conservamos algún exemplo na cédula da súa muller. Vide Cervera Gil (2017), p. 134.

⁶⁹ Sierra Blas (2003), pp. 174-175, citado en: Cervera Gil, (2017), p. 136.

económica e social do novo Estado⁷⁰. Porén, o limitado do seu alcance facía dos certificados de servizo unha peza fundamental para a súa concesión e mantemento, pois resultaba nun importante ingreso na manutención dunha familia que vivía da labranza da terra xunto cos envíos e xiros postais dende a mesma fronte ou na inmediata retagarda cando era posible (34, 58). A súa rebaixa sempre era motivo de descontento para un suboficial que, coma el mesmo lle escribía ó alcalde de Vilagarcía, atopábase

“desde el primer dia del glorioso movimiento en primer linea de fuego dando la sangre y la vida si es necesario por la salvacion de España, y como mi señora no tiene otro recurso para vivir...si no fueran tan acertadas disposiciones de nuestro Generalisimo se moriria de hambre,pues el dice que en ningun hogar de combatiente falte pan ni lumbre”(90)

Aínda que só reclamaba a parte proporcional de catro pesetas que lle correspondía á súa familia, o feito é que realiza esta reclamación dentro das mesmas lóxicas discursivas de *Glorioso Movimiento* emitidas dende os novos órganos do goberno local e estatal que paulatinamente estaban introducirse na vida diaria de soldados e civís: as conmemoracións litúrxicas como a Pascua (79), o Nadal (13, 54) ou do Pilar (120), xunto con aquelas promulgadas polo réxime como o día do Caudillo (116), traducíanse nun descanso e nunha comida que rompían co cotiá da manutención na trincheira, aínda que era a apropiación propagandística da memoria dos compañeiros caídos (43, 127, 3’, 9’) a que protagonizaba moitas das cerimonia públicas de exaltación e culto das vítimas dos combates⁷¹.

Tanto os relatos de triunfo coma das atrocidades do contrario promulgados dende as publicacións e radiotransmisións das seccións de propaganda e información interior repercutían na creación dun clima favorable á adhesión a causa en vangarda e retagarda⁷². As inxerencias dos poderes oficiais na vida diaria dos soldados repercutía tamén na asunción da lóxica sublevada de deshumanización do inimigo (3)⁷³: Antonio Álvarez refírese de xeito constante os *rojos*⁷⁴ ou *pobres rojillos* (74) sen chegar ó extremo de demonizalos coma si ocorre co seu irmán Serafín Álvarez, cuxa carta ben puido ser

⁷⁰ Leira Castiñeira (2020), pp. 80-81.

⁷¹ *Ibdn.*, pp. 248, 291-293.

⁷² *Ibdn.*, pp. 115-123.

⁷³ *Ibdn.*, p. 30.

⁷⁴ Sobre todo a partiren de mediados de 1937, momento no que se estandariza este termo, sen que desapareza totalmente as alusións á “rusificación”. *Vide* Núñez Seixas (2006), p. 250.

aproveitada para unha recompilación propagandística de cartas para servir de exemplo para os demais soldados⁷⁵. Porén, estes e outros termos, como *hijos de la Pasionaria* (33), eran difundidos polo exitoso da propaganda sublevada de vangarda, que paulatinamente atopaban cabida no imaxinario e na linguaxe dos soldados pero que pouco ou nada se corresponde coa súa cotianeidade na trincheira, nin moito menos cun efectivo proceso de adhesión ideolóxica; *terminar* con eles era sinónimo da fin da guerra e do consecuente “ánimo” de estar un pouco máis preto de voltar ó fogar e de paliar as truncadas expectativas da vida anterior⁷⁶ (13, 27, 39):

“yo aquel jenio que tenia, aquel poquetin...ya me pasó, ahora tengo otro peor...pues la culpa la tienen los rojos, como la mayor parte de las becas me encuentro en batallas, te daras una pequeña idea de que jenio me pondran, ahora que cuando me encuentre a tu lado ya no tengo la necesidad de usar la pistola de 8 tiros ni las bombas de mano, porque el enemigo no nos molestará... Manueliña le dice que el se fué de la guerra y que a mi me dejó, y que tiene muchas ganas de ber a papá, y que habla muy bien...no se si son cosas del o hes cierto...con esas cosas me puso cortado...las ganas que yo tengo de abrazar a mi hijita y que no pueda, para mi es una pena...que Dios me dé suerte como hasta la fecha, y no quiero as, que despues ya me quedará tiempo para todo” (93)

Existía, ademais dunha certa habituación á “convivencia” co *outro*, expresado a través do lixeiro do humor co que se tratan as vitorias sobre eles, tanto polas unidades terrestres (44) coma da aviación (110). Na única referencia que conservamos sobre a deserción de civís, obsérvase unha certa consternación e empatía ante os relatos de miseria⁷⁷ que estes traían do lado contrario:

“esta noche se pasaron a nuestras filas 5 mujeres con sus hijos algunos dellos como la nuestra, que pena Felisa cuando se pusieron a contar las calamidades que pasaban, y ahora mucho más por que le escasean los viberes” (62)

Así pois, episodios de deserción coma este, na procura dun medio de subsistencia máis que por cuestións de lealdade ou de “renacionalización”⁷⁸, axudaban a esa noción de “irmán enganado” polo invasor ruso, cando menos ignorante e humilde ante o espolio que sufrían por parte dos axentes do “comunismo estranxeirizante”⁷⁹, tan amplamente difundido polos medios propagandísticos do bando sublevado, tanto de cara o seu público

⁷⁵ Sierra Blas (2003'), p. 30.

⁷⁶ Leira Castiñeira (2020), p. 134-136.

⁷⁷ *Ibdn.*, p. 242.

⁷⁸ Núñez Seixas (2006), p. 259.

⁷⁹ *Op. cit.*

coma para a trincheira inimiga en busca da súa desmoralización ou do seu favor⁸⁰; de aí que cando se refiren ó feito da deserción de soldados e oficiais das liñas inimigas non se amosa comprensión, senón entusiasmo pola cada vez máis próxima finalización da guerra (29, 106). O esgotamento físico e mental da guerra era palpable nunha e noutra dirección da correspondencia; o desexo manifesto de deixar o monte polo ideal do fogar ou mesmo para realizar cursos e manobras (64) facía que esas actitudes de compromiso co ideario nacionalista e castrense foran mingando notablemente a medida que avanzaban as operacións e a guerra non vía un final aparente, en especial tras a caída da fronte do Norte e o cruento da experiencia aragonesa⁸¹:

“estoy deseando que se termine la guerra creo que a todos nos pasará igual, pero en particular á los que estamos luchando hace tanto tiempo...si esto continua asi pronto será, y despues te diré...lo que tengo guardado hace tanto tiempo” (77)

O papel da (auto)censura

Cómpre sinalar que a conservación das cartas de guerra é sempre parcial, non necesariamente por mor da falta de conservación; o extravío⁸² ou censura en si mesma derivan nunha visión de extremos, pois a meirande parte eran epístolas de escaso interese censor ou ben dignas de recompensa polo seu amplo contido patriótico⁸³.

A inmediatez dos feitos narrados e a sensación de vixilancia constante obrigaba a ser coidadoso ca mensaxe que se enviaba á casa, como por exemplo no sensible das posicións e nos destinos⁸⁴ da unidade, de aí que estas se expresaran de xeito vago ou intencionadamente erróneo⁸⁵ (*vide* Gráfica 2); falar de máis, baixo discursos derrotistas⁸⁶, inmorais ou criticando ós mandos podería chegar a implicar un castigo exemplar que podería converter a calquera dos soldados nunha vítima da represión dentro da propia trincheira, como foi o caso do reemprazo monfortino Faustino Vázquez Carril⁸⁷. Con

⁸⁰ Leira Castiñeira (2020), pp. 124-134.

⁸¹ Leira Castiñeira (2020), pp. 219, 226; Mathews (2015), pp. 52, 58-59.

⁸² Para ver máis sobre os servizos postais durante a guerra civil, *vide* Cervera Gil (2017), pp. 126-131; Leira Castiñeira (2020), p. 81.

⁸³ Mathews (2015), pp. 28-30

⁸⁴ Isto podémolo ver nos sucesivos “*no contestes hasta que yo te escriba*” (46, 50, 53, 107, 126, 127).

⁸⁵ Mathews (2015), p. 46.

⁸⁶ Dende a cama de Calatayud dicía: “*ya estoy fuerte, para volver al frente a recuperar lo perdido*”, previo paso pola casa por suposto (103).

⁸⁷ Cabe mencionar que moi probablemente que Antonio coincidira co monfortino, pois ambos, sendo da mesma idade, estiveran de permiso e facendo noite en Grado cos seus respectivos rexementos durante as

todo, a información proporcionada por un diario bélico (máis embelecido e privado) e unhas cartas que necesariamente pasarían polo exame da (auto)censura é necesariamente diferente polo embelecido e privado do primeiro.

Porén, que as cartas do bando nacional supoñan, coma sinalabamos ó comezo, toda unha rareza para a Historiografía, non o eran en tanto para quen se encargaba de examinalas; as limitacións do aparello censor ante tal volume de cartas facía inasumible a tarefa de interceptar calquera mensaxe desafecta ou desmoralizante, razón mesma de que conservemos unha manifestación tan directa e repetida de resistencia á mobilización como era a estratexia para volver de permiso coa escusa dunha “enfermidade” que lle acaecía á súa dona (44, 45); eran conscientes que "*por correo no se pueden poner barías cosas*", aínda que tiveran moito que contar (71) sobre o que lles estaba a suceder, razón pola cal puideron empregar como métodos alternativos ós envíos por medio de familiares e amigos que ían ou volvían de permiso (22, 29, 47) ou o uso do galego (44, 63, 78), pero que dificilmente son demostrables⁸⁸.

Tamén era habitual facer dos censores un suxeito digno da crítica directa, pois os soldados achacaban á súa inxerencia moitos dos extravíos de cartas e tamén dos cartos que eran enviados ante a imposibilidade de *xirar* e dos que se tiña medo que non chegaran (93⁸⁹, 116): "*censuradores mucho cuidado con el dinero, por que la requisa es mucha, y por lo tanto los aviso*" (20)⁹⁰. O certo é que non debía de ser un individuo vixiado a razón do seu privilexio como sarxento dentro da súa unidade e que incluso adxuntaba nas súas misivas a listaxe de a cantos escribía (116). Con todo, tamén había momentos para a crítica do *amiguismo* que existía á hora da concesión dos permisos cos que este suboficial só alcanzaba á “soñar” (87, 8’)⁹¹:

"...en bista que mis cartas nadie las censura sino yo, te lo boy a explicar...yo estaba en puerta, y otros señores, por amistades y demas asuntos...se llaman pelotilleros...son los que disfrutan de permisos, y los demas se joden, hablando en

operacións nos montes de Trubia, entre o 18 (7) e o 20 (9) de novembro do 36. Vide Grandío Seoane (2011), p. 201.

⁸⁸ Mathews (2015), pp. 46, 54.

⁸⁹ Nesta mesma escribía o seguinte: "*tienen que llegar, unicamente que en los correos las rompa, yo considero que molesto mucho á los señores oficiales de correos, pero que tengan paciencia, que más trabajos paso yo por los distintos campos de "batalla" pasando muchos sacrificios...*"

⁹⁰ Mathews (2015), p. 46.

⁹¹ *Ibdn.*, pp. 57-58.

plata...haré todas mis reclamaciones...por que no hay derecho...esos señores...para ellos era contrabando, y ahora son los que disfrutan de muchos beneficios que no les pertenecen" (77)

Os seus comentarios ó tema do subsidio eran incluso máis delicados, chegando a referirse a quen recibía subsidios de máis coma "Rusas" (58) e ós encargados de gobernar a retagarda coma "*estrategas de café*" (94) e "*caciques*", pois

"no tienen otro tratamiento...desde el momento que tratan de sacarte el pan tuyo y de la hija para mi son los enemigos más grandes, tanto o más que los rojos, con todos los tiros que me tiran para matarme, porque los rojos tambien estan en peligro como nosotros, pero ellos o esos señores no tiran con bala, pero hacen mas daño con sus atropellos, y no se dan cuenta que algun dia mes las tienen que pagar" (91)

A falta de correlato entre a propaganda das "leyes del "Generalísimo" (44) e a realidade das familias da retagarda esta repercutía na percepción do inimigo nos soldados que mencionabamos antes, pois tan só sete meses antes escribía co mesmo gallo que "*ay que ser como los rojos, no tener cariño a la familia, pero yo como se lo tengo no puedo consentir que abusen desa manera...eso del hinchufismo se acabo hace mucho tiempo*" (44).

Vemos como a omisión non sempre é buscada polos soldados á hora de expresar no seu discurso privado as inxustizas ás que entenden que están sometidos, o cal choca frontalmente coa ausencia de episodios de violencia fora do anonimato e do xeral, dende o individuo, alén do envío de trofeos que indirectamente podemos interpretar como produto dos mesmos; o emprego da anécdota á hora de falar dos prisioneiros (1') ou do *fácil* que resultaba morrer en combate (7), así como de termos tan xerais como *operar* reflexa unha certa tendencia á omisión dos detalles⁹², e con el de disipación da culpa individual⁹³.

A vergoña que puideron suscitar os actos cometidos na guerra repercutira na omisión e no pouco detalle á hora de narrar as accións na fronte, fora de breves anuncios de avance e vitoria (62, 68, 98) ou de fenómenos hiperbólicos como o contando de baixas (21), que entroncaban directamente cun certo escapismo da realidade e da culpa⁹⁴. Mostras, ó fin e

⁹² "*quisiera contarte algo de todo...en este momento hay un jaleo padre. Tanques por un lado, Artilleria por otro, Aviación sin numero, y despues la Infanteria, ya te puedes dar cuenta la tranquilidad que tenemos...lo mejor seria hablar de otras cosas y no de la guerra. ¿No te parece mejor asi Felisa?...creo que si por ati no te interesan estas cosas*" (111)

⁹³ Leira Castiñeira (2020), p, 314.

⁹⁴ Bourke (2008), pp. 40-41.

ó cabo, dun relato de esaxeración e apoloxía patriótica propio dos fragores da vitoria e que moito distaba das súas carencias habituais a nivel de saúde (62) e alimentación⁹⁵, razón de que se pedira con tanta regularidade paquetes con cartos (118), roupa, calzado (122), libros, doces (27), comida, bebida, tabaco, útiles, selos e soportes cos que escribir (77), munición (34) ou que incluso se chegara a enviar a roupa a lavar á casa (47). Os silencios implícitos dos autores sobre certos temas é unha constante nas misivas que, como sinalou o hispanista norteamericano Michael Seidman, teñen que ser debidamente lidos e interpretados⁹⁶.

3. A CUESTIÓN DA MEMORIA FAMILIAR: O RELATO TRAÍDO DA GUERRA

Cando preguntamos a algúns dos seus netos como era a o seu avó materno, as súas repostas teñen unha cuestión en común: o seu avó nunca falou da guerra nin da súa experiencia nela; Luís (1962) afirma rotundo que non recorda ningunha ocasión na que Antonio relatara algunha das súas vivencias na fronte na súa presenza, nin moito menos de cativo, nin sequera de xeito trivial cos adultos. Entende que as historias que puido traer non debían de ser moi agradables, pois dificilmente a vida no exército se correspondería coas películas, de aí que resulte plausible que decidira borrar todo aquilo da súa memoria.

Pola súa parte, Yolanda (1968) tiña case 13 anos cando morre o seu avó, o que non quita que defina a convivencia con el coma “*de ordeno y mando*”⁹⁷, polo que poderíamos estar a falar dunha sorte de adaptación dos modelos disciplinarios e de control que el mesmo experimentara durante a súa dilatada carreira militar; fixo seus moitos dos valores adquiridos na vida castrense e aplicounos (salvando as distancias) á súa vida civil e familiar, seguramente como medio de procura dunha utilidade ó proceso de socialización vivido na guerra⁹⁸. Tamén conservou algunhas destas misivas (105, 124) que foran gardadas pola súa muller varias décadas xunto á súa cama; unhas cartas por outro lado

⁹⁵ “...mi hermano se fué a buscar la comida dellos...desde luego no es de embidia, creo será unas latas de conserba y un poco de bino y tira pa lante, no se come en caliente por que abanzando no se puede hacer” (7’).

⁹⁶ Mathews (2015), pp. 31, 50-51, 75; Leira Castiñeira (2020), pp.156-157, 166, 192-193.

⁹⁷ Resulta curioso o feito de que con esta común expresión defina o propio Leira Castiñeira (2020: p. 300) ó control exercido polas autoridades castrenses logo da lenta desmobilización dos combatentes.

⁹⁸ Leira Castiñeira (2020), pp. 299-300.

bastante laxas en extensión e contido, pois ambas datan da súa estadía no hospital pontevedrés.

Con todo, e a pesaren de que era consciente do rédito⁹⁹ social e laboral que lle ofrecía a súa identidade¹⁰⁰ coma soldado laureado polo seu *sufrido compromiso*¹⁰¹ coa causa da Vitoria, non adoitaba a ensinar as súas pertenzas coma soldado (uniforme, sabre, medallas, documentos, etc.), que só pasaron ó “dominio familiar” por medio dos seus pais tras o seu pasamento, aínda que non podemos reducir á súa memoria de guerra a unha condición vergoñenta so baseándonos neste feito; si é certo que falaba moi pouco das súa experiencia, pero cando o facía adoitaba contar a *historia* de como o feriran na fronte de Aragón en maio de 1938, dando pé a tintas de carácter heroico¹⁰² e mesmo embelecido, produto dos filtros da memoria, ó dicir que o que lle salvara a vida fora unha medalla ou incluso unha petaca que levaba colgada do pescozo, e que apenas se correspondía con aquela carta na que lle comunicaba á súa muller que fora ferido en combate ate nove veces polos efectos da metralha (100) e que o mantivo a salvo durante meses hospitalizado podendo incluso pasar máis tempo no fogar do que podería chegar a ofrecer ningún permiso e evitando que fora mobilizado de novo ate o mesmo final da guerra.

Houbo outras “excepcións” deste tipo, coma o feito de regalarlles ós seus netos algúns dos *petates* militares para iren á escola, aínda que a súa orixe seguramente responda ás súas labores como instrutor militar a *posteriori* e non en tanto da Campaña 1936-1939, do mesmo xeito que algúns outros uniformes e mochilas que aínda se conservan actualmente. Juan (1972) é quen encontra as cartas e ademais conserva a maioría de fotos e pertenzas de Antonio, coma as distincións de sarxento extraídas dos seus uniformes máis antigos que xa non se conservan ou documentación da súa época na administración e instrución militar na posguerra. Recorda dende moi neno a existencia do baúl no que o seu avó, xa veterano, gardaba as súas cousas da guerra, incluídas algunhas bandeiras, as súas medallas e incluso o seu sabre de oficial, convertidas en xoguetes co seu pasamento. É consciente tamén de que alí se gardaban cartas da guerra seguramente pola súa dona,

⁹⁹ *Ibdn.*, pp. 263-265; Bourke (2008), p.

¹⁰⁰ Leira Castiñeira (2020), p. 299.

¹⁰¹ *Ibdn.*, pp. 263-265

¹⁰² Bourke (2008), pp. 40-44, 107-116.

pois non esquezamos que o groso das misivas van dirixidas a Felisa, quen se cadra as gardaba no faiado coma un recordo máis. Tamén destaca que foi ela quen lle transmitiu algunhas das historias do seu avó, entre elas outra sobre un reloxo de ouro e unha pulseira con simboloxía republicana *obtidos na guerra*.

Estes trofeos de guerra, como os denomina J. Bourke, eran unha práctica xeralizada que servía para avalar cunha “interesante” proba material ó heroico das súas vivencias no campo de batalla. Nas diferentes guerras contemporáneas observouse todo un amplo abanico de obxectos, do máis simple ó máis macabro, pero que neste caso so temos constancia, e ademais dos xa mencionados, unha serie de billetes republicanos de 100 ou 10 pesetas (20) e mesmo cartas das familias dos milicianos inimigos¹⁰³ que eran enviados á casa coma *souvenirs* do mesmo xeito que fotos e postais, e que dificilmente se distinguen das demais cartas mais que no seu contido¹⁰⁴. Así, este tipo de evidencias sacan do anonimato á violencia que dificultaba a transmisión da experiencia da guerra alén das marxes do anecdótico ou dunha ficción heroica que empatizara co receptor, pois era toda unha contradición con respecto á súa identidade coma membro da sociedade civil pero tamén da familia¹⁰⁵.

Deste xeito, existiría xa non so unha *autocensura*, senón que tamén una *selección* dos feitos que se querían legar; o máis claro exemplo sería, no meu caso, unha redacción realizada durante a educación primaria cuxo obxecto era falar dunha personaxe que consideráramos importante, de aí que me decidira a preguntar quen era o *militar* da foto que había no salón. O resultado foi o que se cabería esperar para a dúbida dun cativo de 10 anos, pois nela versaban con especial énfase o precario da súa infancia pero sobre todo o feito de que recibira aquelas medallas “pola súa valentía no transcurso da guerra”. Lamentablemente non conservo ese escrito, pero non foi senón a través da miña memoria e da elaboración deste traballo cando fun consciente de que o heroico das medallas víase comprometido polo complexo e traumático da guerra.

¹⁰³ Non especifica a súa orixe mais que co seguinte: “no te extrañes por que te escriba en dos clases de tinta (vermella e azul escuro) pero como se la saque a los rojos y creía que era mejor, y por lo tanto tu que suspender de escribir...te mando esas cartas de los rojos para que te enteres de lo que pasa, creo te gustaran” (98).

¹⁰⁴ Bourke (2008), pp. 41, 44, 46, 49.

¹⁰⁵ *Ibdn.*, pp. 21, 107-116, 137-139.

CONCLUSIÓNS

A transmisión dunha memoria difícil a quen non viviu alomenos as súas consecuencias leva á distorsión e ó propósito de outorgarlle á experiencia un sentido comprensible para quen a escoite incluso 80 anos despois, pois non hai unha memoria familiar da guerra ó uso mais que no coñecemento das carencias materiais e dalgúns anécdotas localizadas. Existe, por tanto, unha aparente contradición entre o *contido* e a *forma*, isto é, entre a omisión da experiencia de guerra e a conservación de todo un enxoval bélico coma unha verdadeira reliquia familiar que en troques si foi difundido, amosadas e incluso retratadas; a solicitude da súa historia militar ó pouco de morrer confirma que se tiña interese ou que mesmo se sabía a grandes rasgos o que vivira¹⁰⁶, pero que dificilmente sería completado pola crónica militar.

A través do análise destas misivas reafirmamos a tese de que se tratou fundamentalmente dunha experiencia individual que choca frontalmente cos relatos heroicos da propaganda; un trauma marcado por unha amalgama de violencia, carestía e medo que escasamente atoparía cabida nas mensaxes enviadas á casa máis que no implícito. O embelecemento da experiencia pretendeu darlle sentido na posguerra, de xeito que a súa identidade como veterano militar non entrara en contradición co contexto civil e familiar.

Non se tratou dun voluntarioso espírito de combate en favor da nación; o único motivo para reclamar unha medalla ó sufrimento pola patria ou de continuar na vida castrense foi polo rédito social e económico nun período de carestía como foron os *anos da fame*, onde nin as condecoracións nin o salario percibido evitaban ter que recorrer á cartilla de racionamento; cada oportunidade de ascender de rango ou de percibir calquera tipo de beneficio asistencial para a manutención dunha familia en crecemento foi o signo fundamental, moito máis que unha adhesión ideolóxica á ditadura.. Tampouco a aventura que puido significar para moitos dos participantes da Guerra Civil, que na meirande parte dos casos apenas saíran da contorna da súa vila ou aldea de orixe, foi causa suficiente

¹⁰⁶ Nunha das súas despedidas dicía referíndose á súa filla: “*y dile lo que estoy haciendo, para que hoy o mañana se recuerde de algo*” (75)

para que desexaran pasar por unha experiencia límite de case mil días; a tendencia habitual non foi a de querer ser verdugo, nin moito menos de ser vítima.

Na realización deste traballo obtiven case de xeito constante máis preguntas que respostas sobre o papel do Historiador na sociedade na que vive, dos seus métodos e límites, da importancia das fontes orais, tanto individuais coma colectivas; de como se relacionan a Memoria e a Historia, de forma que o recordo se converte no esquecemento que segue a impulsar ós mesmos relatos dominantes na esfera pública e institucional. Son consciente de que o feito de traballar cun tema tan próximo pode suscitar críticas sobre o problema (ou non) da obxectividade *rankeana*; o feito de facer a Historia dende abaixo non a converte nun relato inútil. A cuestión finalmente redúcese ó traballo do Historiador, no rigor do seu método e á hora de integrar as experiencias humanas coma fonte histórica que aporte solidez á súa argumentación. Hai unha necesidade imperiosa dun coñecemento histórico que remate por abandonar xeneralizacións e maniqueísmos que dificilmente axudan a identificar o plural e voluble das identidades e actitudes fronte os feitos do Golpe e da Guerra, e sen caer na tentación de converter novos termos, coma vítimas e verdugos, noutra sorte de categorías estancas e opostas que tanto autores coma lectores desexen deixar atrás.

Non aspira este traballo tampouco a ser canónico senón futable, a seguir indagando sobre aqueles que viviron de primeira man os efectos do fracaso do Golpe durante e despois de 1936; tratouse de converter, baixo a miña interpretación como historiador pero tamén como bisneto, o fragmentado da memoria familiar e das cartas en Historia, nun relato ordenado e transmisible que poida senón aportar unha testemuña ó coñecemento sobre a experiencia dos soldados durante a Guerra Civil.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Castro, X. (2013). *Pontevedra nos anos do medo: Golpe militar e represión (1936-1939)*. España: Edicións Xerais.
- Artiaga Rego, A. (2014). “Movilización rebelde en el verano de 1936. Galicia, ¿una nueva Covadonga?” *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*. Madrid: Los Libros de la Catarata, pp. 111-149.
- Bourke, Joanna (2008). *Sed de sangre : historia íntima del combate cuerpo a cuerpo en las guerras del siglo XX*. Barcelona: Crítica.
- Casanova, J., Gil Andrés, C. (2017). *Historia de España en el siglo XX*. Barcelona: Ariel.
- Casanova, J. (2020). *Una violencia indómita. El siglo XX europeo*. España: Crítica.
- Fernández Prieto, L., Míguez Macho, A. y Vilavedra Fernández, D. (eds.); Cazorla, A., Gil, C., Izquierdo, J., Labrador, G., Loureiro, Á., Murado, M. A., Otaegi, L., Olaziregi, M. J., Riesco, S., Teijo, C. (2020). *1936: un nuevo relato*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.
- Cervera Gil, J. (2017). “Historias mínimas: las cartas en la Guerra Civil española”, *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea. Universidad Carlos III de Madrid*, nº15, pp. 125-146.
- Cierva, R. de la (1969). *Historia de la Guerra Civil española*. Madrid: San Martín.
- Fernández Prieto, L., Artiaga Rego, A., (eds.) (2014). “Sabemos poco del pasado incómodo. Otras miradas sobre el golpe, la guerra y la dictadura”. *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*. Madrid: Los Libros de la Catarata, pp. 11-49.
- Grandío Seoane, E. (ed.) (2011). *Las Columnas gallegas hacia Oviedo: diario bélico de la guerra civil española (1936-1937), de Faustino Vázquez Carril*. Baiona: NigraTrea.
- Gil Andrés, C. (2006). *Lejos del frente: la Guerra Civil en la Rioja Alta*. Barcelona: Crítica.
- Gil Andrés, C. (2009). “La zona gris de la España azul. La violencia de los sublevados en la Guerra Civil”, *Ayer*, nº 76, pp. 115-141.

- Mathews, J. (2015). *Voces de la trinchera: cartas de combatientes republicanos en la Guerra civil española*. Madrid: Alianza Editorial.
- Núñez Seixas, X. M. (2006). *¡Fuera el invasor!: nacionalismos y movilización bélica durante la guerra civil española (1936-1939)*. Madrid: Marcial Pons, Ediciones de Historia.
- Núñez Seixas, X. M. (2017). *Camarada invierno: Experiencia y memoria de la División Azul (1941-1945)*. Barcelona: Crítica.
- Leira Castiñeira, F. J. (2014). “Movilización militar y experiencia de guerra civil. Las actitudes sociales de los soldados del ejército sublevado”. *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*. Madrid: Los Libros de la Catarata, pp. 150-178.
- Leira Castiñeira, F. J., Domínguez Almansa, A. (2018). “Reclutados para ganar. Movilización y respuesta de "los soldados de Franco"”, *Ayer*, nº 111, pp. 79-107.
- Leira Castiñeira, F. J. (2020). *Soldados de Franco: reclutamiento forzoso, experiencia de guerra y desmovilización militar*. Madrid: Siglo XXI.
- Paul, H. (2016). *La llamada del pasado*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico.
- Piedras Monroy, P. A. (2010). *La siega del olvido : memoria y presencia de la represión*. Madrid: Siglo XXI de España.
- Piskorski, J. M (2011). “Del culto a los héroes a la veneración de las víctimas. Los cambios en la cultura de la memoria”. *Ayer*, nº 82, pp. 261-284.
- Sierra Blas, V. (2003). *Aprender a escribir cartas. Los manuales epistolares en la España contemporánea (1927-1945)*. Gijón, España: Trea
- Sierra Blas, V. (2003). “La guerra en el tintero: Manuales epistolares para soldados”. *Pliegos de Bibliofilia*, nº 21, pp. 15-38.
- Sierra Blas, V. (2003-2004). “¡Cuidado con la pluma! Los manuales epistolares en el siglo XX”. *Litterae: cuadernos sobre cultura escrita*, nº 3-4, pp. 281-325.
- Sierra Blas, V. (2007). “«Si mi pluma valiera tu pistola». Adquisición y usos de la escritura en los frentes republicanos durante la Guerra Civil española”. *Ayer*, nº 67, pp. 179-205.

- Sierra Blas, V. (2009). “Entre armas y letras. Un testimonio de la alfabetización en las trincheras”. *Andalucía en la Historia*, nº 23, pp. 64-68.
- Vila Fariña, X. L. (2009). *Memoria histórica de la parroquia de Baión*. España: Ediciones Cardeñoso.

ANEXOS

ANEXO 1. INVENTARIO¹⁰⁷

Táboa 1.1-Cartas

Nº	REMITE	DESTINATARIO	LUGAR	DATA
1	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Ourense	06/09/1936
2	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Ourense	08/09/1936
3	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salas (Asturias)	16/09/1936
4	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Cornellana (Salas, Asturias)	12/10/1936
5	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	24/10/1936
6	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	06/11/1936
7	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Montes de Oviedo y Trubia"	18/11/1936
8	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	18/11/1936
9	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de los montes de Trubia"	20/11/1936
10	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	02/12/1936
11	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Forcón (Asturias)	11/12/1936

¹⁰⁷ Figurarán entre aspas aquelas referencias xenéricas á ubicación que son tomadas de xeito literal das misivas, mentres que para as datacións e localizacións que descoñecemos ou non se conservan establécese un intervalo cronolóxico e xeográfico o máis afinado posible en base ó seu contido.

12	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	18/12/1936
13	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	26/12/1936
14	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Forcón (Asturias)	08/01/1937
15	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Forcón (Asturias)	16/01/1937
16	Serafín Álvarez Buezas	Aurelio Coto Calvelo	Mondoñedo (Lugo)	26/01/1937
17	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Forcón (Asturias)	22/01/1937
18	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Forcón (Asturias)	14/02/1937
19	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Forcón (Asturias)	19/02/1937
20	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	25/02/1937
21	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	04/03/1937
22	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	08/03/1937
23	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	09/03/1937

24	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	11/03/1937
25	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	21/03/1937
26	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	22/03/1937
27	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Monte Forcón" (Asturias)	01/04/1937
28	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	15/04/1937
29	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	22/04/1937
30	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Ania (Asturias)	15/05/1937
31	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Ania (Asturias)	29/05/1937
32	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Ania (Asturias)	11/07/1937
33	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Ania (Asturias)	[15/05- 11/07/1937]
34	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Grado (Asturias)	03/08/1937
35	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Asturias"	15/08/1937
36	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Asturias"	24/08/1937
37	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Asturias"	27/08/1937
38	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Asturias"	30/08/1937
39	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Asturias"	08/09/1937
40	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Otero (Asturias)	20/09/1937

41	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Asturias"	23/09/1937
42	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Loma de Otero (Asturias)	27/09/1937
43	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Loma de Otero (Asturias)	05/10/1937
44	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Loma de Otero (Asturias)	11/10/1937
45	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Soto de las Regueras (Asturias)	01/11/1937
46	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Xixón (Asturias)	04/11/1937
47	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Xixón (Asturias)	06/11/1937
48	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Xixón (Asturias)	11/11/1937
49	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Xixón (Asturias)	18/11/1937
50	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Fitero (Navarra)	24/11/1937
51	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Fitero (Navarra)	26/11/1937
52	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Fitero (Navarra)	01/12/1937
53	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Naharros (Guadalajara)	15/12/1937
54	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Provincia de Teruel"	24/12/1937
55	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Provincia de Teruel]	09/01/1938

56	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Provincia de Teruel]	[12/1937 - 01/1938]
57	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	El Campillo (Teruel)	14-15/01/1938
58	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Teruel"	23/01/1939
59	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	ca. Torrijo del Campo (Teruel)	05/02/1938
60	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	ca. Rillo (Teruel)	12/02/1938
61	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Caña Ramonda (Teruel)	23/02/1938
62	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Teruel"	26/02/1938
63	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Caña Ramonda (Teruel)	27/02/1938
64	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Teruel"	02/03/1938
65	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Teruel"	02/03/1938
66	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Teruel"	12/03/1938
67	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Son del Puerto (Teruel)	14/03/1938
68	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	17/03/1938
69	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	17/03/1938
70	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	22/03/1938
71	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Aragón"	24/03/1938
72	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	26/03/1938

73	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	29/03/1938
74	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	02/04/1938
75	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	04/04/1938
76	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Aragón"	06/04/1938
77	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	10/04/1938
78	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	14/04/1938
79	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	17/04/1938
80	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Frente de Aragón"	22/04/1938
81	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Camarillas (Teruel)	26/04/1938
82	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Camarillas (Teruel)	29/04/1938
83	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Camarillas (Teruel)	01/05/1938
84	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	ca. Castellón	04/05/1938
85	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Camarillas (Teruel)	06/05/1938
86	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Provincia de Teruel]	09/05/1938
87	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Sierra de Gúdar (Teruel)	11/05/1938
88	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Sierra de Gúdar (Teruel)	14/05/1938

89	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Allepuz (Teruel)	15/05/1938
90	Antonio Álvarez Buezas	Ramón García Lago	"Milano Segundo" (posto militar)	20/05/1938
91	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Milano Segundo" (posto militar)	20/05/1938
92	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Milano Segundo" (posto militar)	21/05/1938
93	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Milano Segundo" (posto militar)	22/05/1938
94	Antonio Álvarez Buezas	Joaquín Sánchez Vázquez	"Milano Segundo" (posto militar)	22/05/1938
95	Felisa Fontenla Coto	Antonio Álvarez Buezas	Baión (Vilanova de Arousa)	22/05/1938
96	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Milano Segundo" (posto militar)	25/05/1938
97	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	"Milano Segundo" (posto militar)	27/05/1938
98	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Loma del Señor (Teruel)	27/05/1938

99	Felisa Fontenla Coto	Antonio Álvarez Buezas	Baión (Vilanova de Arousa)	28/05/1938
100	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Calatayud (Zaragoza)	31/05/1938
101	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Calatayud (Zaragoza)	13/06/1938
102	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Calatayud (Zaragoza)	14/06/1938
103	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Calatayud (Zaragoza)	26/06/1938
104	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Calatayud (Zaragoza)	14/07/1938
105	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Pontevedra	26/07/1938
106	Manuel Fontela Coto	Antonio Álvarez Buezas	Aravaca (Madrid)	30/07/1938
107	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Lugo	27/08/1938
108	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Budiño (O Porriño)	14/09/1938
109	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Descoñecido	19/09/1938
110	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Descoñecido	20/09/1938
111	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Descoñecido	21/09/1938
112	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	ca. Caspe (Zaragoza)	22/09/1938
113	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	26/09/1938
114	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	28/09/1938
115	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	29/09/1938
116	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	05/10/1938
117	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	07/10/1938
118	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	08/10/1938

119	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	11/10/1938
120	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	13/10/1938
121	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	[26/09-10/1938]
122	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Pontevedra	23/10/1938
123	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Pontevedra	12/11/1938
124	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Pontevedra	21/11/1938
125	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Budiño (O Porriño)	24/03/1939
126	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Lugo	26/03/1939
127	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Lugo	05/04/1939
128	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Lugo	14/04/1939
129	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Lugo	15/04/1939
130	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Lugo	21/04/1939
131	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Lugo	24/04/1939

Taboa 1.2.-Fragmentos e cartas incompletas

Nº	REMITE	DESTINATARIO	LUGAR	DATA	BREVE DESCRICIÓN
1'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Fronte de Asturias]	[09/1936-11/1937]	Carta incompleta.
2'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Fronte de Asturias]	[10/1937]	Moi danada, practicamente ilexible, " <i>Viva Oviedo [...]</i> "
3'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Provincia de Zaragoza]	[1938]	Sobre, selos da censura militar, " <i>¡Arriba España! Saludo a Franco</i> ", " <i>Gloria a los</i>

					<i>caídos", "III Año Triunfal"</i>
4'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Frente de Aragón]	[1938]	Sobre, reclamado ate cinco veces, " <i>Saludo a Franco</i> ", " <i>¡Arriba España!</i> ".
5'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Provincia de Zaragoza]	[02-03/1938]	Sobre de " <i>Reparaciones Eléctricas Viuda de Juan Ramón [...], Gijón</i> ", " <i>Viva Teruel Nacional</i> ", " <i>II Año Triunfal</i> ".
6'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Frente de Teruel]	15/01/1938	Carta incompleta.
7'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	[Provincia de Teruel]	05/05/1938	Carta incompleta.
8'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Jorcas (Teruel)	07/05/1938	Carta incompleta.
9'	Antonio Álvarez Buezas	Felisa Fontela Coto	Salamanca	[26/09-10/1938]	Sobre, " <i>Gloria a los caídos. El que retrocede los pisa</i> ".

Taboa 1.3.-Inventario de documentos

Nº	LUGAR	DATA	TIPOLOXÍA DOCUMENTAL	BREVE DESCRICIÓN
1º	Vilanova de Arousa	03/04/1914	Acta de nacemento	Rexistro Civil de Vilanova de Arousa, tomo 46, folio 154, sección 1ª.
2º	Escola Mixta de Baión	02/02/1924	Exercicios	Ditados e copias para aprender a dirixirse a alguén por medio dunha carta, exercicios ortografía e sintaxe básica, problemas matemáticos.
3º	Escola Mixta de Baión	13/02/1924	Exercicios	Ditados e copias para aprender a dirixirse a alguén por medio dunha carta, exercicios ortografía e sintaxe básica, problemas matemáticos.
4º	Baión (Vilanova de Arousa)	11/07/1924	Certificado de promoción a cuarto grao de educación primaria	Emitido ó finalizar o curso 1923-1924 pola " <i>Sociedad Pro Escuelas en Paradela y sus contornos</i> "; idade de 9 anos, coa clasificación de notable.
5º	Baión (Vilanova de Arousa)	1933, 1936	<i>Reglamento reformado de la Sociedad de Agricultores de la Parroquia de Bayón</i>	Impresa en Pontevedra, ratificada polo gobernado civil en 1933, reformada en 1936.
6º	Ávila	20/04/1937	<i>Devocionario del soldado</i>	Segunda edición, composta por Fortunato Gutiérrez Gutiérrez, párroco de San Esteban del Valle (Ávila), <i>consiliario de Acción Católica en las ramas de Juventud; Imprenta Católica y Encuadernación Sigirano Díaz.</i>
7º	Descoñecido	Descoñecida	<i>Mapa de Asturias. Parte Centro</i>	Reedición coetánea da guerra da obra de G. Schulz (mediados s. XIX). Claros signos de uso, con manchas de barro pero tamén trazos

				<p>arredor das posicións e marcando os movementos a levar a cabo durante as operacións (caso de Grado -Escampelo- e Trubia, tamén de Oviedo e Gijón), así como outras liñas que subscriben as principais vías de comunicación entre os núcleos asturianos.</p>
8"	Rubiáns (Vilagarcía de Arousa)	01/03/1937	Recibo das rendas sobre a terra	<p>Recibo sobre o pago de 60 pesetas en concepto de rendas anuais (1936) sobre as terras que se cultivan, propiedade de Juan Arca Soto.</p>
9"	El Campillo (Teruel)	15/01/1938	Certificado de servizo	<p>Asinado por Gaspar González Romero, capitán da 3ª Compañía do 7º Batallón do Reximientto de Infantería Zaragoza nº 30, "<i>¡Viva España!</i>", proba do posto de cabo de Antonio.</p>
10"	Lugo	01/06/1939	Certificado de servizo	<p>Asinado por Arturo Arnaiz Tejada, teniente comandante da 3ª Compañía do 7º Batallón do Reximientto de Infantería Zaragoza nº 30, "<i>Año de la Victoria</i>".</p>
11"	Descoñecida	Descoñecida	Folla de servizos de Antonio Álvarez Buezas	<p>Sen referencias ó seu arquivo de orixe, solicitado pola familia de xeito póstumo.</p>

ANEXO 2. GRÁFICAS E FIGURAS

Figura 1. Carta estándar de Antonio Álvarez Buezas (97)

¡¡Viva España!!

“Saludo a Franco”

Milano Segundo 27-5-38

Sra. Dña.

Felisa Fontenla Coto

Bayón

Mi querida esposa: Deseo que cuando esta llegue a tus manos te halles bien de salud, lo mismo la hija, yo por lo de ahora sigo sin novedad.

Por esta tierra todo marcha muy bien, ya empezamos otra vez a palos con los rojos, quiero decir otra vez por que estuvimos unos días parados por culpa del mal tiempo, creo desta buelta los llevaremos al punto final, que hes lo que todos deseamos.

Felisa; tengo muchas cosas que contarte pero como tu no las comprendes las dejaré para cuando pueda decirtelas en perosna, lo que más te interesa hes saber que estoy bien que gracias a Dios a si estoy.

Sin más, recuerdos a todos de la familia vesos para las pequeñas en particular a la hija y tu recibes lo que mas quieras de este que no te quiere nada.

Antonio (firma)

Recuerdos de Serafin para todos de la familia y muchos besos para las hijas y lo mismo a María.

Galicia. Galicia. Galicia

España. España. España.


Franco. Franco. Franco.

¡Viva la 82 División!

¡Viva la muerte!


“II Año Triunfal”

Gráfica 1. Volume de produción das misivas inventariadas¹




¹ Inclúense aquelas misivas cuxa cronoloxía exacta se descoñece ou ben non se conserva, polo que se establece un intervalo de datación en base ó seu contido.

Gráfica 2. Referencias á ubicación xeográfica nas cartas de soldados inventariadas



- Ubicación exacta ou coñecida (cidade, vila, hospital, retagarda)
- Ubicación descoñecida ou omitida (descoñecida, posición militar, montes, serras e lomas, fronte, "cerca de", etc.)

Gráfica 3. Volume das cartas de Antonio Álvarez Buezas en relación á súa ubicación xeográfica¹



- Fronte do Asturias/Norte
- Fronte de Aragón/Ebro*
- Retagarda (fogar, hospitais, instrución, etc.)

¹ Figuran como parte de cada fronte aquelas vilas da inmediata retagarda onde se cumprían os permisos entre operacións e tamén aquelas que constituían unha parada no traxecto cara as mesmas (caso de Grado para a Fronte de Asturias, ou Fitero para a aragonesa).

*Inclúense tamén unha misiva enciada dende Naharros (15/12/1937) durante as operacións da Fronte de Guadalajara, e tres misivas de ubicación descoñecida (19, 20 e 21 de setembro de 1938), cuxa seguinte referencia radica no Hospital Militar de Caspe, en Zaragoza (22/09/1938).

ANEXO 3. FOTOGRAFÍAS¹⁰⁸



Ilustración 1. “A mi querido esposo Antonio Álvarez Buezas en prueba de cariño su esposa e hija Manueliña. Felisa Fontenla Coto”.



Ilustración 2. “A mi querida esposa con todo el cariño. Antonio. Teruel-16-2-38. 2º Año Triunfal”.



Ilustración 3. Serafín Álvarez Buezas durante a guerra. Localización e data descoñecidas.

¹⁰⁸ A meirande parte das fotografías que presentamos a continuación atópanse descontextualizadas, pois atopábanse mesturadas xunto con outras de diferentes épocas, lugares, familiares, etc., a excepción daquelas que presentan unha adicatoria no reverso, polo que decidín ordenalas e agrupalas de xeito que teñan unha certa lóxica lineal.



Ilustración 4. Antonio Álvarez xunto cos seus compañeiros durante a guerra. Localización e data descoñecidas.



Ilustración 5. Os irmáns Serafín e Antonio Álvarez Buezas xunto con un coñecido durante a guerra. Localización e data descoñecidas.



Ilustración 6. Serafín Álvarez Buezas vestido coas indumentarias da Falanxe. Localización e data descoñecidas.



Ilustración 7. “Un recuerdo de tu hermano. Manuel Fontenla Coto”.

Ilustración 8. Fotografías de amigos e coñecidos tamén soldados durante e despois da guerra. A primeira dende a esquerda conta cunha adicatoria: “A mi buen amigo con todo afecto. Antº Sanchez. Lugo 5=6=39”.



Ilustración 9. Antonio Álvarez (der.: o quinto comezando pola esquerda; esq.: segundo comezando pola esquerda) xogando co equipo de fútbol da parroquia, xa na posguerra.



Ilustración 10 e Ilustración 11: Antonio Álvarez, xa máis vello, como tenente de instrución nalgúns dos cuarteis galegos, como San Fernando ou no Hórreo. Abaixo, portando a bandeira en diferentes desfiles militares en Pontevedra e na Praza do Obradoiro (Compostela).



Ilustración 12. Antonio Álvarez retratado postumamente co seu uniforme de tenente xunto coas súas medallas. Localizado no salón familiar xunto o retrato da súa esposa.



Ilustración 13 e 14. Prismáticos e sabre de Antonio Álvarez, en posesión do seu neto Juan Antonio Novo Álvarez.



Ilustración 15 e 16. Cartucheira de gala do Exército de Terra pertencente a Antonio Álvarez, xunto coa pistola regulamentaria de Manuel Novo Buceta (abaixo á dereita), condutor no exército sublevado, en posesión do neto de ambos Juan Antonio Novo Álvarez.

